



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Conservatorio Profesional de Música

Programación  
**DIDÁCTICA**  
**LINGUAXE MUSICAL**  
**Graos Elemental e Profesional**



## Índice

---

<b>1.Introdución .....</b>	<b>5</b>
1.1.Marco Legal .....	5
1.2.Características do centro .....	7
1.3.Características do alumnado .....	7
<b>2.Obxectivos xerais das ensinanzas musicais.....</b>	<b>9</b>
2.1.Grao elemental.....	9
2.2.Grao Profesional .....	10
<b>3.Obxectivos específicos das ensinanzas musicais.....</b>	<b>11</b>
<b>4.Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Linguaxe Musical</b>	<b>12</b>
4.1.Grao elemental da materia de Linguaxe Musical.....	12
4.1.1.Obxectivos .....	12
4.1.2.Contidos.....	12
4.1.3. Criterios de Avaliación do Grao Elemental .....	13
4.1.3.1. Procedementos e ferramentas de avaliación .....	15
O profesor debe: .....	15
4.1.3.2. Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos .....	16
4.1.3.3. Sistema de control da asistencia do alumnado .....	17
4.1.3.4. Medidas de recuperación ao longo do curso académico .....	18
4.1.3.5. Procedemento de recuperación da convocatoria ordinaria.....	18
4.1.3.6. Procedemento de recuperación da convocatoria extraordinaria.....	18
4.1.3.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	18
4.2.Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical .....	19
4.2.1.Obxectivos .....	19
4.2.2.Contidos.....	19
4.2.3.Criterios de Avaliación do Grao Profesional .....	21
4.2.3.1.Procedementos e ferramentas de avaliación .....	23
4.2.3.2.Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos .....	24
4.2.3.3.Sistema de control de asistencia do alumnado .....	25
4.2.4.4.Medidas de recuperación ao longo do curso académico .....	25
4.2.4.5.Procedementos de recuperación da convocatoria ordinaria .....	25
4.2.4.6.Procedementos de recuperación da convocatoria extraordinaria .....	25
4.2.4.7.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	25
<b>5. Metodoloxía.....</b>	<b>27</b>
5.1 Principios metodolóxicos .....	27
5.2 Métodos didácticos .....	28
<b>6. Atención á diversidade .....</b>	<b>29</b>
<b>7. Temas transversais.....</b>	<b>30</b>



7.1. Educación en valores .....	30
7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	31
<b>8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>32</b>
8.1. Actos institucionais .....	32
8.2. Cursos e clases maxistras.....	33
8.3. Audicións .....	33
8.4. Outros .....	33
<b>9. Secuenciación por cursos .....</b>	<b>34</b>
9.1. Curso: 1º de grao elemental.....	34
9.1.1. Obxectivos .....	34
9.1.2. Contidos.....	34
9.1.3. Criterios de avaliación .....	37
9.1.3.1. Mínimos esixibles .....	39
9.1.4. Recursos didácticos.....	40
9.2. Curso: 2º de grao elemental.....	41
9.2.1. Obxectivos .....	41
9.2.2. Contidos.....	41
9.2.3. Criterios de avaliación .....	45
9.2.3.1. Mínimos esixibles .....	47
9.2.4. Recursos didácticos.....	48
9.3. Curso: 3º de grao elemental.....	49
9.3.1. Obxectivos .....	49
9.3.2. Contidos.....	49
9.3.3. Criterios de avaliación .....	52
9.3.3.1. Mínimos esixibles .....	54
9.3.4. Recursos didácticos.....	55
9.4. Curso: 4º de grao elemental.....	57
9.4.1. Obxectivos .....	57
9.4.2. Contidos.....	58
9.4.3. Criterios de avaliación .....	61
9.4.3.1. Mínimos esixibles .....	63
9.4.4. Recursos didácticos.....	64
9.5. Curso: 1º de grao profesional .....	65
9.5.1. Obxectivos .....	65
9.5.2. Contidos.....	65
9.5.3. Criterios de avaliación .....	68
9.5.3.1. Mínimos esixibles .....	70
9.5.4. Recursos didácticos.....	71
9.6. Curso: 2º de grao profesional .....	72
9.6.1. Obxectivos .....	72
9.6.2. Contidos.....	73
9.6.3. Criterios de avaliación .....	75
9.6.3.1. Mínimos esixibles .....	77
9.6.4. Recursos didácticos.....	78



<b>10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica .....</b>	<b>79</b>
<b>11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>80</b>
<b>12.ANEXOS .....</b>	<b>81</b>
12.1.Probas de acceso 1º de grao profesional .....	81
12.1.1.Normativa Xeral .....	81
12.1.2.Exame.....	82
12.1.3.Criterios de avaliación .....	86
12.2.Probas de acceso a outros cursos do grao elemental (2º, 3º e 4º cursos) .	87
12.2.1. Normativa Xeral .....	87
12.2.2.Exame.....	88
12.2.3.Criterios de avaliación .....	88
12.2.4.Proba de Aptitude ao 1º curso do Grao Elemental .....	89
12.2.4.1Contidos .....	90
12.2.4.2. Criterios de avaliación da proba de aptitude .....	91
12.3.Probas de acceso a outros cursos do grao profesional (2º, 3º, 4º,5º e 6º cursos) .....	92
12.3.1. Normativa Xeral .....	92
12.3.2.Exame.....	93
12.3.3.Criterios de avaliación .....	93



## 1.Introdución

A presente Programación Didáctica de Linguaxe Musical está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos do grao elemental e dos dous de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de Teoría da Música e Linguaxe Musical de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materias e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

### 1.1.Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os documentos legais que figuran a continuación, tendo presente o reflectido no Artigo 1.2 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Conservatorios que explicita *“Tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais, e aos centros privados de ensinanza de música e de danza en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela”*. Figuran clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **REAL DECRETO 428/2013, do 14 de xuño**, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e Danza.
- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **CIRCULAR 6/2012** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determinan as titulacións mínimas esixibles para a impartición das ensinanzas regradas de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. , e nos centros autorizados.





- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



## 1.2. Características do centro

A creación do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa ven reflectida no Decreto 222/2000, de 13 de setembro, e autorizada a súa posta en funcionamento pola Orde do 6 de xullo de 2005, ámbalas dúas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

É un centro público e oficial no que se imparten na actualidade os graos elemental e profesional das ensinanzas de réxime especial de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Sito no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, na Avda. da Mariña nº 27.

O centro sitúase na bisbarra do Salnés. A actividade musical da zona xira en torno á existencia deste centro, de bandas de música, asociacións culturais e coros. Existe en Vilagarcía de Arousa, e tamén de titularidade municipal, unha Escola Municipal de Música así coma escolas de música privadas. O mesmo sucede noutros municipios da comarca.

O propio Conservatorio e o Concello de Vilagarcía de Arousa, programan actividades musicais. A cidade carece de fonoteca pública e de biblioteca musical especializada (a excepción da do propio centro).

A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realízanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, Masterclass, Seminarios, conferencias e cursos de especialización, e outros.

A ensinanza que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa é a de música, regulada pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanzas profesionais de música, sendo na Comunidade Autónoma de Galicia os decretos polos que se regula o grao elemental e profesional o 198/2007, do 27 de setembro, e 203/2007, do 27 de setembro.

## 1.3. Características do alumnado

O centro conta cunha media de 125 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría do alumnado pertence ao Concello de Vilagarcía de Arousa aínda que tamen é salientable o número de alumnos/as doutros concellos limítrofes.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- O interese polo estudo dunha especialidade instrumental.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.



As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanza artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.





## 2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

### 2.1. Grao elemental

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



## 2.2. Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



### 3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, aprofundando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.



## 4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Linguaxe Musical

### 4.1. Grao elemental da materia de Linguaxe Musical

No Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se basa a presente programación e que son os que se citan a continuación:

#### 4.1.1. Obxectivos

- Adquirir os coñecementos esenciais adecuados ao nivel educativo que lle permita ao alumnado enriquecer a súa relación coa música.
- Desenvolver os recursos da voz como vehículo de expresión musical e de satisfacción inmediata, proporcionando as capacidades necesarias para a comprensión dos elementos constitutivos da linguaxe musical.
- Acceder aos códigos rítmicos que require cada nivel da linguaxe musical.
- Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (melódico, rítmico, formal, etc.).
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da linguaxe musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.

#### 4.1.2. Contidos

##### Fundamentos do tratamento da voz.

- Respiración, relaxación e afinación.
- A altura: ton, intensidade, cor, duración, etc.
- Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos tonais.
- Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos interválicos.
- Interpretación vocal das obras didácticas adecuadas ao nivel con acompañamento pianístico.
- Interpretación vocal de obras didácticas adecuadas ao nivel «a capella».
- Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e dos signos que afectan a expresión.



- Improvisación vocal adecuada ao nivel do coñecemento musical do alumnado, con proposta previa.

### **Fundamentos do tratamento do ritmo.**

- Percepción, identificación e interiorización do pulso.
- Percepción e identificación do acento.
- Fórmulas rítmicas básicas.
- Práctica e interiorización do silencio.
- Recoñecemento de unidades métricas binarias, ternarias e cuaternarias.
- Coñecemento, identificación e práctica de:
  - Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario.
  - Signos musicais que modifican a duración.
  - Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso ternario.
  - Grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario.
  - Grupos rítmicos binarios contidos nun pulso ternario.
  - Equivalencias que impliquen pulso=pulso e fracción= fracción.
- Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel.
- Práctica da lectura articulada. Práctica de lectura de notas horizontalmente e verticalmente en clave de sol en segunda e fa en cuarta.
- Utilización das claves necesarias para a práctica instrumental.
- Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agónica e da dinámica na música.
- Improvisación rítmica adecuada ao nivel de coñecemento musical do alumnado, con proposta previa.

### **Audición.**

- Audición e reprodución escrita de movementos melódicos e rítmicos adaptados a cada nivel de coñecemento.
- Sensibilización do feito tonal e modal.
- Identificación auditiva das formas básicas e de composicións escritas en diferentes épocas.

### **4.1.3. Criterios de Avaliación do Grao Elemental**

A avaliación cumpre fundamentalmente unha función formativa, ó ofrecer ó profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe do seu alumnado, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores ás insuficiencias ad-





vertidas. Por outra parte estes indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Deste xeito, os criterios de avaliación son un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto o proceso da aprendizaxe do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerese por unha serie de principios xerais como son:

- **Obxectividade**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística
- **Transparencia**, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica
- **Accesibilidade**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.
- Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión. Este criterio de avaliación pretende comprobar o grao de memoria e capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
- Recoñecer auditivamente e percudir o pulso dunha obra ou dun fragmento. Con este criterio de avaliación trátase de constatar a percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica.
- Recoñecer e identificar o acento periódico dunha obra ou dun fragmento. Trátase de comprobar a correcta percepción do acento periódico, base do compás, recoñecendo o carácter binario, ternario ou cuaternario deste, e o carácter binario ou ternario de cada pulso.
- Manter o pulso durante períodos breves de silencio. Este criterio de avaliación ten por obxecto lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha adecuada execución individual ou colectiva.
- Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento. Con este criterio de avaliación preténdese constatar a capacidade de encadear diversas fórmulas rítmicas adecuadas ao nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido.
- Reproducir modelos melódicos sinxelos a partir de diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un mesmo feito melódico desde calquera sono mantendo correctamente a intervállica do modelo.
- Interpretar vocalmente ou ritmicamente pezas escritas utilizando elementos adecuados ao nivel do alumnado. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade de relacionar os parámetros espazo-temporais comúns ao discurso sonoro coa súa representación gráfica.



- Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento e sen el. Ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura.
- De producirse acompañamento instrumental, este non reproducirá a melodía.
- Identificar ou entoar intervalos melódicos maiores, menores e xustos. Este criterio permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado, como elemento indispensable de aplicación a estruturas tonais ou non.
- Identificar intervalos harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio. Procúrase, con este criterio, coñecer a capacidade do alumnado para a audición simultánea entre diferentes relacións interválicas.
- Identificar intervalos harmónicos sinxelos a partir de diferentes alturas. Este criterio de avaliación constatará a capacidade auditiva do alumno ou da alumna para percibir dous sons simultáneos.
- Aplicar un texto a un ritmo sinxelo. Trátase de avaliar, con este criterio, a capacidade do alumnado para asociar ritmos con palabras ou frases de igual acentuación.
- Interpretar cambios sinxelos de compás e identificalos auditivamente. Inténtase verificar a capacidade de realización práctica e a capacidade de percepción auditiva dos cambios de compás.
- Improvisar estruturas rítmicas sobre unha proposta previa. Con este criterio de avaliación preténdese estimular a capacidade creativa do alumnado aplicando libremente fórmulas rítmicas coñecidas.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa. Este criterio pretende comprobar a asimilación por parte do alumno ou da alumna dos conceptos tonais básicos, facendo uso libre dos elementos propostos.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos (rítmicos, melódicos, cadenciais, formais, tímbricos etc.), tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.

#### **4.1.3.1. Procedementos e ferramentas de avaliación**

O/A profesor/a debe:

- Observar no alumnado os coñecementos, habilidades, aptitudes, destrezas e valores.
- Observar a súa soltura na imitación de modelos: lectura, interpretación, entoación, etc.
- Observar o xeito de recibir a instrución directa por parte do profesor.



- Inducir ao/á alumno/a a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións axudándolle a comparalas.
- Demostrar unha aprendizaxe globalizada coa interrelación de todos elementos sinalados anteriormente.

A avaliación será planificada, polo que deberase levar a cabo:

- no principio (a avaliación diagnóstica) para coñecer o punto de partida dos/as alumnos/as nas diferentes facetas que ateen á materia.
- durante o proceso (avaliación formativa) para obter información sobre a evolución do/a alumno/a e tamén do proceso educativo, para así poder detectar erros que poidan ser corrixidos.
- final (avaliación sumativa), na que se determina si o/a alumno/a acadou os obxectivos propostos e si o proceso foi eficaz. A avaliación será continua e se seguirá diariamente a evolución do alumnado no caderno do profesor. É tamén importante prever actividades de autoavaliación que desenvolvan no alumnado a capacidade de reflexión e valoración obxectiva do seu traballo e aprendizaxe.

As ferramentas de avaliación que se empregarán son:

- Caderno do profesor: nel rexistrárase a asistencia e puntualidade, o comportamento e actitude, así como os traballos de clase do/a alumno/a, tanto orais como escritos.
- As probas específicas que se consideren necesarias.

#### **4.1.3.2. Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos**

---

1	Carencia total de traballo individual
---	---------------------------------------

---

2-3	Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo
	Interrupcións frecuentes
	Acusada falta do control do son
	Escaso dominio da obra
	Falta de control técnico das diferentes seccións da obra

---

4	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso
	Falta de continuidade na interpretación
	Pobre recuperación dos atrancos
	Erros de lectura, afinación e ritmo
	Baixa calidade do son
	Falta de preparación xeral

---



---

	Actitude negativa e falta de interese na matéria
5-6	Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo) Traballo técnico adecuado Continuidade na interpretación da obra Limitación no uso de recursos musicais Evidencia dunha coidada preparación
7-8	Interpretación realizada con seguridade técnica Evidencia de control do son e da afinación Tempo adecuado e mantido Uso correcto das dinámicas e do fraseo Capacidade de resposta ó estilo
9-10	Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica Dominio da memoria Atención ás dinámicas e o fraseo Control do son e da afinación Tempo axeitado dende o punto de vista musical Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra

---

#### **4.1.3.3. Sistema de control da asistencia do alumnado**

Co obxectivo de controlar á asistencia do alumnado ás actividades lectivas deste centro, se contabilizarán as faltas de asistencia do seguinte xeito:

O alumnado que supere ás **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que podan acontecer.

A materia de Linguaxe Musical impártese en dúas sesións semanais dunha hora cada unha.



#### **4.1.3.4. Medidas de recuperación ao longo do curso académico**

Consistirá nunha proba onde alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda a avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e exercicios técnicos a realizar na proba.

O alumnado que non acade a cualificación mínima de 5 na primeira ou segunda avaliación será informado ó longo do curso das medidas de recuperación adecuadas segundo o caso como pode ser a asistencia a titorías, clases de reforzo, fichas de exercicios de reforzo, recuperación de tarefas atrasadas, etc...

#### **4.1.3.5. Procedemento de recuperación da convocatoria ordinaria**

No suposto en que sexa necesario o/a alumno/a terá dereito a realizar un exame ao final do curso académico.

Consistirá nunha proba práctica, onde o/a alumno/a presentará un programa cun número de obras segundo o disposto nesta programación e proposto polo/a profesor/a para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.1.3.6. Procedemento de recuperación da convocatoria extraordinaria**

Consistirá nunha proba práctica a celebrar nas datas que indique a Xefatura de Estudos do centro, na que o/a alumno/a presentará un programa segundo o reflectido no Informe da materia que se lle entregará xunto co Boletín de Cualificacións finais. Na devandita proba o/a alumno/a terá que amosar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.1.3.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso ao que aspira a acceder.

O profesorado titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula informando ás familias, e solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias que cursa o/a alumno/a.

O profesorado das distintas materias informarán por escrito en relación ás capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos reflectidos nas diferentes programacións.

No suposto de que todos os informes sexan favorables, o/a titor/a presentará a proposta á dirección do Centro que a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.





## 4.2. Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, figuran no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música e son os seguintes:

### 4.2.1. Obxectivos

As ensinanzas de Linguaxe Musical dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Compartir vivencias musicais cos demais elementos do grupo que lle permita enriquecer a súa relación afectiva coa música a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- b) Coñecer os elementos da linguaxe musical e a súa evolución histórica, para relacionalos coas obras musicais dentro do seu tempo e a súa circunstancia.
- c) Interpretar correctamente os símbolos gráficos e coñecer os que son propios da linguaxe musical contemporánea.
- d) Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.
- e) Recoñecer e representar graficamente obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces realizadas con diferentes instrumentos.
- f) Recoñecer, a través da audición e da lectura, estruturas harmónicas básicas.
- g) Utilizar os coñecementos sobre a linguaxe musical para afianzar e desenvolver hábitos de estudo que propicien unha interpretación consciente.
- h) Coñecer os elementos da linguaxe musical relativos ao *jazz* e á música moderna.

### 4.2.2. Contidos

#### Rítmicos.

- Práctica, identificación e coñecemento de compases orixinados por dous ou máis pulsos desiguais.
- Coñecemento e práctica de metros irregulares con estruturas fixas ou variables.
- Polirritmias e polimetrías.
- Recoñecemento e práctica de grupos de valoración especial con duracións e posicións métricas varias.
- Práctica de ritmos simultáneos que supoñen divisións distintas da unidade.
- Práctica de estruturas rítmicas atípicas en compases convencionais.
- Ritmos *aksak*, *coxos* ou de valor engadido.



- Práctica de música sen compasar.
- Recoñecemento e práctica de ritmos que caracterizan a música de *jazz*, *pop*, etc.
- Práctica de cambios de compás con unidades iguais ou diferentes e aplicación das equivalencias indicadas.
- Desenvolvemento de hábitos interpretativos a partir do coñecemento e análise dos elementos rítmicos.
- Improvisación sobre esquemas rítmicos establecidos ou libres.

### **Melódico-harmónicos.**

- Práctica auditiva e vocal de estruturas tonais enriquecidas na súa linguaxe por flexións ou modulacións, con recoñecemento analítico do proceso.
- Práctica auditiva e vocal de obras modais nas súas diversas manifestacións históricas e folclóricas.
- Práctica de interválica pura (non tonal) e aplicación a obras postonais ou atonais.
- Recoñecemento auditivo e análise de estruturas tonais e formais non complexas.
- Improvisación sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres.
- Aplicación vocal ou escrita de baixos harmónicos a obras propostas de dificultade adaptada ao nivel.
- Desenvolvemento de hábitos interpretativos a partir do coñecemento análise dos elementos melódico-harmónicos.

### **Lecto-escritura.**

- Práctica de lectura horizontal de notas cos ritmos escritos e indicacións metronómicas diversas.
- Lecturas de agrupacións verticais de notas.
- Coñecemento e práctica das normas de escritura melódica e harmónica.
- Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
- Práctica de identificación e escritura de notas no seu rexistro correcto.
- Coñecemento do ámbito sonoro das claves.
- Iniciación ás grafías contemporáneas.
- Práctica da lectura a primeira vista.

### **Audición.**

- Práctica de identificación de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadencias, formais, tímbricos e estilísticos nas obras escoitadas.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.



- Práctica da memoria: memorización previa á escritura de frases ou fragmentos progresivamente máis amplos.
- Escritura de temas coñecidos e memorización en diferentes alturas, tonalidades.
- Realización escrita de ditados a unha e dúas voces.
- Identificación de acordes.
- Audición de obras ou fragmentos nos cales se recoñezan elementos estudados.

### **Expresión e ornamentación.**

- Coñecemento e aplicación de signos e termos relativos a dinámica e agónica.
- Coñecemento e aplicación dos signos que modifican o ataque dos sons.
- Coñecemento dos signos característicos na escritura dos instrumentos.
- Coñecemento e aplicación de ornamentos adecuándoos á época da obra interpretada

### **4.2.3. Criterios de Avaliación do Grao Profesional**

1. Manter o pulso durante períodos de silencio prolongados. Este criterio ten por obxectivo avaliar unha correcta interiorización do pulso que permita unha execución correcta, ben individual ou en conxunto.
2. Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para encadear diversas fórmulas rítmicas, a aplicación correcta, de ser o caso, de calquera equivalencia se produce cambio de compás e a interiorización aproximada de diversas velocidades metronómicas.
3. Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, aplicándolle todas as indicacións de carácter expresivo. Este criterio de avaliación ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e a xusteza de afinación a un fragmento melódico tonal con alteracións accidentais que poden ou non provocar unha modulación, facéndose consciente das características tonais ou modais do fragmento. Se é acompañado instrumentalmente, este acompañamento non debe reproducir a melodía.
4. Ler internamente, nun tempo breve e sen verificar a súa entoación, un texto musical e reproducilo de memoria. Trátase de comprobar a capacidade do alumnado para imaxinar, reproducir e memorizar imaxes sonoras de carácter melódico a partir da observación da partitura.
5. Identificar ou entoar todo tipo de intervalo melódico. Este criterio de avaliación permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado como elemento de aplicación a estruturas tonais ou non tonais.
6. Entoar unha obra atonal con ou sen acompañamento, aplicando as indicacións de carácter expresivo. Trátase de avaliar a aplicación artística a unha obra atonal dos coñecementos melódicos e rítmicos adquiridos. O acompañamento, de ser o caso, non reproducirá a melodía.



7. Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto. Búscase coñecer a capacidade do alumnado para a percepción simultánea de dous sons en diferentes relacións interválicas, así como a identificación das rexións sonoras en que se producen.
8. Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordais en diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un feito melódico a partir de diferentes sons, facéndose consciente das alteracións necesarias para a súa exacta reprodución.
9. Improvisación vocal ou instrumental de melodías dentro dunha tonalidade determinada. Este criterio pretende comprobar o entendemento por parte do alumnado dos conceptos tonais básicos ao facer uso libre dos elementos dunha tonalidade con lóxica tonal e estrutural.
10. Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados. Con este criterio aválase a destreza do alumnado para a utilización correcta da grafía musical e a súa capacidade de relacionar o feito musical coa súa representación gráfica.
11. Recoñecer e escribir fragmentos musicais a dúas voces. Preténdese comprobar a percepción e identificación por parte do alumnado de aspectos musicais polifónicos.
12. Recoñecer e escribir fragmentos musicais realizados por dous instrumentos diferentes, excluindo o piano. Con este criterio preténdese comprobar que a capacidade auditiva do alumnado non sofre distorsión cando recibe a mensaxe a través dun vehículo sonoro diferente ao piano.
13. Recoñecer auditivamente aspectos cadenciais e formais dun fragmento musical. Por medio deste criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para percibir aspectos sintácticos e estruturais da obra escoitada e denominalos correctamente.
14. Recoñecer auditivamente diferentes timbres instrumentais. Preténdese constatar a familiarización do alumnado cos timbres provenientes doutros instrumentos diferentes do que constitúe a súa especialidade.
15. Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra ou fragmento. Trátase neste caso de comprobar a capacidade de observación do alumnado de aspectos directamente relacionados coa interpretación e expresión musicais.
16. Improvisar vocal ou instrumentalmente sobre un esquema harmónico dado. Este criterio de avaliación vai ordenado a comprobar, dentro do nivel adecuado, a comprensión por parte do alumnado da relación entre harmonía e voces melódicas.
17. Entoar fragmentos memorizados de obras de repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado. Este criterio trata de avaliar o coñecemento das obras de repertorio e a capacidade de memorización.
18. Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado. Búscase aquí avaliar a capacidade de iniciativa implicando, ademais, o recoñecemento rápido de aspectos rítmicos e expresivos da obra en cuestión.



19. Aplicar baixos harmónicos sinxelos, vocal ou graficamente, a unha obra breve previamente escoitada. Este criterio pretende buscar a asociación melodía- harmonía imaxinando esta desde a melodía escoitada.
20. Situar coa maior aproximación posible a época, o estilo e, de ser o caso, o autor ou a autora dunha obra escoitada. Trátase dunha proposta para fomentar a curiosidade e a atención do alumnado ao escoitar música, facéndose consciente dos caracteres xerais que identifican estilos e autores.
21. Analizar unha obra do seu repertorio instrumental, como situación histórica, autor e características musicais dela: harmónicas, formais, tímbricas, etc. Intenta este criterio potenciar os hábitos do estudo intelixente e rigoroso, facéndose consciente das circunstancias técnicas e sociais que rodean a obra artística.

#### **4.2.3.1. Procedementos e ferramentas de avaliación**

O/A profesor/a debe:

- Observar no alumnado os coñecementos, habilidades, aptitudes, destrezas e valores.
- Observar a súa soltura na imitación de modelos: lectura, interpretación, entoación, etc.
- Observar o xeito de recibir a instrución directa por parte do/a profesor/a.
- Inducir ao/á alumno/a a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións axudándolle a comparalas.
- Demostrar unha aprendizaxe globalizada coa interrelación de todos os elementos sinalados anteriormente.

A avaliación será planificada, polo que deberase levar a cabo:

- No principio (a avaliación diagnóstica) para coñecer o punto de partida dos/as alumnos/as nas diferentes facetas que ateen á materia.

Durante o proceso (avaliación formativa) para obter información sobre a evolución do/a alumno/a e tamén do proceso educativo, para así poder detectar erros que poidan ser corrixidos.

Ao final (avaliación sumativa), na que se determina si o/a alumno/a acadou os obxectivos propostos e si o proceso foi eficaz. A avaliación será continua e se seguirá diariamente a evolución do alumnado no caderno do/a profesor/a. É tamén importante prever actividades de autoavaliación que desenvolvan no alumnado a capacidade de reflexión e valoración obxectiva do seu traballo e aprendizaxe.

As ferramentas de avaliación que se empregarán son:

- Observación da actitude do alumno ou alumna.
- Análise dos seus traballos de clase, orais e escritos.
- A súa participación e comportamento nas clases.
- As probas específicas que se consideren necesarias.





#### 4.2.3.2. Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos

---

1	Carencia total de traballo individual
2-3	Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo Interrupcións frecuentes Acusada falta do control do son Escaso dominio da obra Falta de control técnico das diferentes seccións da obra
4	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso Falta de continuidade na interpretación Pobre recuperación dos atrancos Erros de lectura, afinación e ritmo Baixa calidade do son Falta de preparación xeral Actitude negativa e falta de interese na materia
5-6	Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo) Traballo técnico adecuado Continuidade na interpretación da obra Limitación no uso de recursos musicais Evidencia dunha coidada preparación
7-8	Interpretación realizada con seguridade técnica Evidencia de control do son e da afinación Tempo adecuado e mantido Uso correcto das dinámicas e do fraseo Capacidade de resposta ó estilo
9-10	Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica Dominio da memoria Atención ás dinámicas e o fraseo Control do son e da afinación Tempo axeitado dende o punto de vista musical Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra

---



#### **4.2.3.3. Sistema de control da asistencia do alumnado**

Co obxectivo de controlar á asistencia do alumnado ás actividades lectivas deste centro, se contabilizarán as faltas de asistencia do seguinte xeito:

O alumnado que supere ás **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que podan acontecer.

A materia de Linguaxe Musical impártese en dúas sesións semanais dunha hora cada unha.

#### **4.2.4.4. Medidas de recuperación ao longo do curso académico**

Consistirá nunha proba onde alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda a avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e e exercicios teóricos e prácticos a resolver na proba.

#### **4.2.4.5. Procedementos de recuperación da convocatoria ordinaria**

No suposto en que sexa necesario o/a alumno/a terá dereito a realizar un exame ao final do curso académico.

Consistirá nunha proba práctica, onde o/a alumno/a presentará un programa cun número de obras segundo o disposto nesta programación e proposto polo/a profesor/a para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.2.4.6. Procedementos de recuperación da convocatoria extraordinaria**

Consistirá nunha proba práctica a celebrar nas datas que indique a Xefatura de Estudos do centro, na que o/a alumno/a presentará un programa segundo o reflectido no Informe da materia que se lle entregará xunto co Boletín de Cualificacións finais. Na devandita proba o/a alumno/a terá que amosar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.2.4.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso ao que aspira a acceder.



O profesorado titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula informando ás familias, e solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias que cursa o/a alumno/a.

O profesorado das distintas materias informarán por escrito en relación ás capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos reflectidos nas diferentes programacións.

No suposto de que todos os informes sexan favorables, o/a titor/a presentará a proposta á dirección do Centro que a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.



## 5. Metodoloxía

Na aprendizaxe da música é preciso un continuo entre as vivencias musicais naturais (expresión musical natural) e a presentación constante de novos contidos. A metodoloxía debe ser natural, integral e globalizadora, engarzando de xeito natural coas actividades cotiáns do/a neno/a todos os aspectos da educación musical.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse ás características do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o número de alumnos/as no grupo, o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

### 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** A música se aprende facéndoa. Polo tanto, abordaremos a aprendizaxe da Linguaxe Musical a través dunha metodoloxía activa, en formato de obradoiro. Isto implica colaboración, compartir vivencias, practicar a autocrítica construtiva e fomentar o intercambio de opinións e experiencias.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado na adquisición progresiva de hábitos musicais. ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** A través da elaboración de material propio, o alumnado irá construindo o seu propio método, recompilando os resultados das tarefas propostas que en moitos casos consistirán en exercicios de creación.
- **Individualización:** Aínda que Linguaxe Musical é unha materia colectiva, procuraremos ter en conta en cada clase a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Ó ser a Linguaxe Musical unha materia colectiva que require dun continuo traballo en equipo, fomentarase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais. Para elo, empregaremos o xogo como ferramenta básica que responde ós desexos e curiosidades do/a alumno/a e serve ós aprendizaxes significativos.



- **Interdisciplinarietà:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo/a alumno/a realízase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.





## 6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os/as alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos/as os/as alumnos/as aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Linguaxe Musical teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos/as nenos/as , o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos/ás alumnos/as na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.



## 7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

### 7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos/ás compañeiros/as, ao material da aula, ao/á profesor/a, etc.



## **7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.



## 8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Segundo o establecido no Proxecto Educativo de Centro en referencia ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

A. Terán a consideración de actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo Conservatorio, dacordo cos seus proxectos e programacións e que teñen un carácter diferenciado das actividades propiamente lectivas, polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Son actividades complementarias fixas as seguintes:

- Audicións
- Concertos trimestrais e finais
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

B. Terán a consideración de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ó seu entorno e á procura da formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaránse, sempre que sexa posible, fora do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Son actividades extraescolares as seguintes:

- Os intercambios educativos/culturais con outros centros
- As viaxes, excursións ou saídas culturais
- Os cursos ou cursiños
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

C. Poderanse organizar outras actividades no centro a proposta de calquera membro da comunidade educativa que sexan de interés tanto para o centro coma para os destinatarios aos que vai dirixida. En calquera caso as propostas doutras actividades deberán seguir os puntos enumerados anteriormente no apartado que corresponda.

O alumnado do centro terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende os distintos Departamentos, agás nas audicións, onde si deberán participar.

### 8.1. Actos institucionais

Dende hai xa varios cursos académicos temos xa institucionalizados unha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do alumnado do centro sería nos seguintes actos:

- Concerto de Santa Cecilia: Terá lugar ao redor do 22 de novembro de cada ano.



- Concerto de Nadal: a celebrar na dúas semanas anteriores ás vacacións de Nadal.
- Concerto das Letras Galegas: coincidindo coa celebración desta data no mes de maio de cada ano.
- Concerto Fin de Grao: a celebrar a finais do mes de maio de cada ano, en ocasións coincidindo co Concerto das Letras Galegas.
- Concerto de Fin de Curso: a celebrar antes da avaliación final do curso.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

## **8.2. Cursos e clases maxistras**

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez propostos no departamento correspondente trasladaranse ao Claustro de profesores e Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que os diferentes departamentos teñan algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro para incluíla na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

## **8.3. Audicións**

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o centro organizará audicións públicas de alumnos/as que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso.

O centro organizará dous ou tres períodos de audicións anuais, nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o/a seu/súa profesor/a lle asigne, sexa en grupo ou como solista.

## **8.4. Outros**

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, ou ben polo Concello de Vilagarcía de Arousa a través dos distintos departamentos ou Concellerías. O profesorado poderá propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.



## 9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Linguaxe Musical dos graos elemental e profesional por cursos.

### 9.1. Curso: 1º de grao elemental

#### 9.1.1. Obxectivos

- Compartir vivencias musicais cos/as compañeiros/as para iniciar a súa relación afectiva coa música.
- Adquirir os coñecementos indicados no apartado de contidos.
- Desenvolver os recursos da voz, buscando unha correcta respiración e emisión, para que a través da reprodución de exercicios melódicos o/a alumno/a chegue á comprensión dos elementos da linguaxe musical.
- Acceder aos códigos rítmicos propios do curso e especificados no apartado de contidos.
- Demostrar a coordinación motriz necesaria para a correcta interpretación do pulso regular e o acento, así como a interiorización de fórmulas rítmicas básicas do 1º curso, empregando as destrezas de asociación e disociación correspondentes.
- Coñecer os compases e a transferencia entre distintos tipos de compases (coa mesma unidade métrica) mantendo a uniformidade do pulso.
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno, o que lle axudará a relacionar a audición coa súa representación gráfica.
- Adquirir bases sólidas para o desenvolvemento auditivo, melódico, rítmico, harmónico e formal.
- Iniciar ao alumnado no concepto de análise.
- Adquirir unhas competencias básicas no emprego das TICs aplicadas á aprendizaxe da música: xogos musicais, exercicios auditivos ou de teoría online, busca de música ou vídeos, etc...
- Desenvolver a capacidade da escritura como elemento básico da linguaxe musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica a través dos coñecementos teóricos.
- Adquirilo hábito do traballo persoal diario.

#### 9.1.2. Contidos

##### Contidos de rítmica-lectura

- Percepción, identificación e interiorización do pulso.
- Percepción e identificación do acento.



- Práctica e interiorización do silencio.
- Elementos gráficos elementais: Pentagrama, liñas divisorias, dobre barra final, clave de sol e de fa en cuarta, liñas adicionais, notas (nomes), figuras (duracións, divisións do pulso): redonda, branca, negra, corchea, semicorchea, silencios: redonda, branca, negra e corchea, signos de compás.
- Figuras e fórmulas rítmicas a traballar: Redonda e o seu silencio, branca e o seu silencio, negra e o seu silencio, dúas corcheas, catro semicorcheas, corchea e o seu silencio, negra ligada a dúas corcheas, negra con punto+ corchea, síncope de negra-branca-negra ou dúas corcheas ligadas a dúas corcheas.
- Práctica, identificación e coñecemento de feitos rítmicos característicos: síncope, anacrusa de negra e de dúas corcheas, contratempo (silencio de corchea-corchea).
- Coñecemento dos signos musicais que modifican a duración (punto, ligadura e caldeirón).
- Unidades métricas: recoñecemento de compases binarios, ternarios e cuaternarios. Xestos propios de cada compás. Compases a traballar no curso: 2/4, 3/4, 4/4
- Iniciación aos cambios de compás.
- Eco rítmico e pregunta (suspensivo) - resposta (conclusivo) rítmica.
- Improvisación rítmica adecuada ao nivel con proposta previa.
- Traballo de memorización rítmica con fragmentos que irán aumentando de complexidade e lonxitude para acostumar aos/ás alumnos/as paulatinamente e dentro do nivel de contidos do curso.
- Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel e viceversa (ritmos aplicados a textos).
- Práctica de lectura a 1º vista.
- Práctica da lectura de notas en clave de sol e iniciación a fa en cuarta
- Práctica de lectura interválica (relativa).
- Lectura vertical en clave de sol.
- Indicacións de tempo e agónica: lento, andante, allegro.
- Iniciación ós elementos expresivos: coma de respiración, ligaduras, punto, matices: pp, p, mf, f, ff

#### **Psicomotricidade:**

- Percusión con ambas mans, unha dela realizando o pulso e a outra distintos ritmos.
- Acompañamento dunha canción con percusión (corporal ou non), mentres se canta a melodía con ou sen letra.

#### **Contidos melódicos:**

- Coñecemento da voz e o seu funcionamento: respiración, emisión, articulación, rela-





xación, etc.

- Sensibilización e práctica auditiva e vocal dos movementos melódicos tonais.
- Traballo dos semitóns da escala de Do Maior: MI-FA, SI-DO.
- Escala de Do Maior. Iniciación, por contraste, ó modo menor
- Interpretación entoada de obras adecuadas ao nivel, con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión.
- Traballo dos elementos necesarios para a entoación a 1ª vista: escalas, arpejos, exercicios de entoación ou cancións.
- Entoación de acordes enlazados de tónica e dominante.
- Improvisación vocal axeitada ao nivel, con proposta previa.
- Traballo de memorización melódica con fragmentos que irán aumentando de complexidade e lonxitude para acostumar aos/ás alumnos/as paulatinamente e dentro do nivel de contidos do curso.
- Reprodución memorizada vocal ou escrita de fragmentos melódicos ou cancións.

#### **Contidos auditivos:**

- Sensibilización maior-menor.
- Compases simples binarios, ternarios e cuaternarios.
- Movementos interválicos (introdución os intervalos): ascendente- descendente, conxunto-disxunto, melódico-harmónico.
- Tensión-repouso (iniciación ós conceptos de cadencia conclusiva e suspensiva e ós acordes de tónica e dominante).
- Ordenamentos musicais tipo: pregunta-resposta, repetición, imitación, variación e contraste.
- Fórmulas rítmicas (consultar apartado de ritmo).
- Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos a unha voz cos contidos traballados no curso.
- Identificación de erros ou diferenzas entre dous fragmentos escoitados e entre un fragmento escrito e outro escoitado.

#### **Contidos teóricos e analíticos:**

- O pulso e o acento. Compases: 2/4, 3/4, 4/4
- Elementos gráficos elementais: Pentagrama, liñas divisorias, dobre barra final, clave de sol e de fa en 4ª, liñas adicionais, notas (nomes), figuras (duracións, divisións do



pulso): redonda, branca, negra, corchea, semicorchea, silencios: redonda, branca, negra e corchea),cadro de valores (equivalencias entre as diferentes figuras musicais). signos de compás, escritura das figuras (cabeza, plica, corchete). A dobre barra de repetición.

- Anacruse de negra ou dúas corcheas.
- A frase musical: pregunta-resposta (tensión-repouso), a frase cadrada, ordenacións formais sobre obras adaptadas ao nivel: repetición, imitación, variación, contraste. Coma de respiración ou fraseo.
- Signos que modifican a duración: ligadura, punto, caldeirón.
- Indicacións de tempo, agónica e dinámica. Signos e termos de expresión. staccato ou picado, dinámica, matices (pp, p, mf, f, ff), matiz (cambios graduais). Tempo ou movemento (lento, andante, allegro). O metrónomo.
- Escala musical (oitava, escala de Do, graos da escala: tónica- dominante). Ton e semitón. Semitóns: mi-fa, si-do,
- Intervalos iniciación (clasificación: ascendentes-descendentes, conxuntos-disxuntos, melódicos-harmónicos, simples-compostos), unísono, 8ª alta e baixa, acorde.

### **Improvisación-creación**

- Utilización improvisada dos elementos da linguaxe con ou sen proposta previa.
- Creación de exercicios propios cos elementos traballados.

### **9.1.3. Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera dos/as alumnos/as nun momento determinado respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais e específicos, neste caso, os propios da linguaxe musical.

O nivel de cumprimento destes obxectivos , en relación cos criterios de avaliación fixados, non debe ser medido de forma mecánica, se non con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumnado (curso formativo no que se encontra, así como as súas propias características e posibilidades).

### **Xerais**

- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo, verificando así que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

### **Rítmica-lectura**

- Imitar estruturas rítmicas breves coa percusión extraídas dos contidos do curso para comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
- Executar a través da percusión corporal ou instrumental, estruturas rítmicas dunha



obra ou fragmento coas dificultades especificadas no apartado dos contidos, e con melodía asociada ou non no que se valorarán as capacidades de: repetición, memoria rítmica e corrección no encadeamento de fórmulas rítmicas con precisión e dentro dun tempo establecido.

- Ler correctamente fragmentos breves melódico-rítmicos nos que se inclúan os contidos de ritmo, lectura, métrica e expresión propios do curso para comprobar o nivel de asimilación destes contidos por parte do alumnado.
- Interpretar cambios sinxelos de compás coa equivalencia de pulso igual a pulso dentro dos compases traballados no curso.
- Improvisar breves frases rítmicas a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos rítmicos e métricos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación destes conceptos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.

### **Entoación**

- Imitar estruturas melódicas breves coa voz extraídas dos contidos do curso para comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida.
- Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento pianístico ou sen el, para comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación, grao de interiorización dos sons e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura. De ser con acompañamento, este non reproducirá a melodía cunha harmonía sinxela e facilitadora tanto melódica como ritmicamente.
- Reproducir coa voz modelos melódicos sinxelos ou cancións (memorizados previamente e co inicio previo dado), escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, no que se xulgará a capacidade do alumnado de conservar a interválica dun fragmento, dentro dun nivel adecuado ó curso.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos melódicos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación dos conceptos tonais básicos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.

### **Audición**

- Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así coma o acento periódico, dentro dos compases traballados durante o curso, comprobando así a correcta percepción do acento periódico, base do compás, o recoñecemento do carácter binario, ternario ou cuaternario deste.
- Manter o pulso durante períodos breves de silencio para comprobar a súa interiorización, percutíndoo durante a audición de fragmentos musicais ou o canto de cancións memorizadas previamente, nas que se intercalen varios compases de silencio.
- Identificar auditivamente o modo maior ou menor dunha obra, fragmento ou canción



identificando o diferente carácter expresivo de ámbolos dous modos.

- Reproducir por escrito fragmentos musicais breves escoitados (aproximadamente 4 compases): rítmicos, melódicos e melódico- rítmicos cos parámetros rítmicos, métricos e melódicos traballados durante o curso para comprobar o grado de asimilación dos diferentes contidos do curso por parte do alumnado.

## Teoría

- Presentar no prazo establecido os traballos escritos ou exercicios de teoría encomendados polo/a profesor/a. Trátase de comprobar así a correcta asimilación dos contidos teórico-prácticos así como a corrección na presentación e caligrafía dos cadernos dos/as alumnos/as.

### 9.1.3.1. Mínimos esixibles

Debe cumprirse integramente a totalidade do exposto a continuación:

- Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliarase:
  - O sostemento do pulso.
  - A correcta marcación dos compases (2/4 e 3/4)
  - A precisión rítmica (redonda, branca, negra e os seus silencios, grupos de dúas corcheas e catro semicorcheas)
  - A soltura na lectura de notas en clave de sol, de do grave a mi agudo, cos ritmos do punto anterior.
- Executar simultaneamente con ambas mans exercicios rítmicos nos que unha man leve o pulso e a outra execute os ritmos básicos (branca, negra, dúas corcheas, catro semicorcheas, silencio de negra)
- Entoar correctamente a escala diatónica de Do maior e o arpejo de tónica.
- Entoar a primeira vista exercicios melódicos en Do maior no ámbito da oitava con acompañamento, con notas correlativas e saltos que comprendan o arpejo de tónica cos seguintes ritmos (brancas, negras e dúas corcheas, silencio de branca e negra)
- Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: claves de sol e fa, figuras e silencios, compases, liñas divisorias, matices (pp, p, mf, f, ff), tempo (lento, andante, allegro), ton e semitón (mi-fa, si-do), clasificación dos intervalos (número, ascendente-descendente, conxunto-disxunto, simple-composto, melódico-harmónico).
- Realizar correctamente ditados rítmicos cos ritmos básicos (branca, negra, dúas corcheas, catro semicorcheas, silencio de negra)
- Realizar correctamente ditados melódicos, identificando o sentido ascendente ou descendente, a repetición de sons, as notas correlativas e os saltos entre notas do acorde de tónica.
- Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos cos mesmos elementos especifi-



cados para os ditados rítmicos e melódicos.

#### **9.1.4. Recursos didácticos**

O libro de texto a empregar será "Nuevo Lenguaje Musical 1º ". Gabriel Robles Ojeda. Ediciones Si B.

O libro de Teoría será "Cuadernos de Teoría 1º curso grado elemental " Ibañez-Cursá. Editorial Real Musical

En canto a recursos dispoñibles online podemos destacar:

- [www.youtube.es](http://www.youtube.es)
- [www.teoria.com](http://www.teoria.com)
- [Symbaloo-dictados](http://Symbaloo-dictados)
- <http://dictadosmusicales.weebly.com/>
- <http://ritmoysonidomariajose.blogspot.com.es/p/dictados.html>
- <http://cpmh-lenguajemusical.blogspot.com.es/p/dictados.html>
- <http://aulamusicaldeadriana.blogspot.com.es/p/recursos-propios-juegos-musicales.html>
- <http://www.good-ear.com/>



## 9.2. Curso: 2º de grao elemental

### 9.2.1. Obxectivos

O segundo curso da Linguaxe musical do Grao Elemental terá como finalidade contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Compartir vivencias musicais cos/as compañeiros/as.
- Adquirir os coñecementos esenciais adecuados ao nivel que permita enriquecer a relación do/a alumno/a coa música.
- Adquirir os coñecementos indicados no apartado de contidos.
- Desenvolver os recursos da voz, buscando unha correcta respiración e emisión, para que a través da reprodución de exercicios melódicos o/a alumno/a chegue á comprensión dos elementos da linguaxe musical.
- Valorar na entoación a afinación e interiorización dos sons nas tonalidades estudadas durante o curso como necesidade imprescindible para a práctica instrumental e coral.
- Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia (cambios de compás simple a composto ou viceversa, sempre pulso=pulso).
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo, melódico, rítmico, harmónico e formal.
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo.
- Iniciar ao alumnado no concepto de análise.
- Adquirir unhas competencias básicas no emprego das TIC's aplicadas a aprendizaxe da música: xogos musicais, exercicios auditivos ou de teoría online, busca de música ou vídeos, etc...
- Adquirir a capacidade esencial da escritura musical, como elemento básico da linguaxe musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita comunicar os seus coñecementos.
- Adquirilo hábito do traballo persoal diario.

### 9.2.2. Contidos

#### Contidos rítmica-lectura:

- Percepción, identificación e interiorización do pulso e o acento. Manter e recoñecer o pulso dunha canción ou obra musical.
- Práctica e interiorización do silencio.
- Unidades métricas: Compases de 2, 3 e 4 tempos con unidade negra e compostos



de 2 e 3 tempos con unidade negra con punto. Compases a traballar: 2/4, 3/4 e 4/4 ou C, 6/8 e 9/8.

- Figuras rítmicas: redonda, branca, negra, corchea e semicorchea e os seus silencios agás o de semicorchea (con tódalas rítmicas posibles):

Figuras e fórmulas rítmicas a traballar:

- Subdivisión binaria: corchea-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-corchea, corchea con punto-semicorchea, dúas corcheas ligadas a negra, negra ligada a catro semicorcheas, silencio de corchea-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-silencio de corcheas, corchea-negra con punto, silencio de corchea-negra con punto, negra con punto-silencio de corchea.
  - Subdivisión ternaria: negra con puntillo, silencio de negra con puntillo, tres corcheas, negra-corchea, corchea-negra, silencio de corchea-dúas corcheas, dúas corcheas-silencio de corchea, corchea-silencio-corchea, silencio de negra-corchea, corchea-silencio de negra, silencio de corchea-negra
- Valoración especial: Dosillo e tresillo como proceso de transferencia entre os compases simples e compostos.
  - Ligadura e punto: En compases simples e compostos con rítmica sinxela.
  - Síncope:
    - En compases simples: corchea-negra-corchea, silencio de corchea-negra-corchea, corchea-negra-dos semicorcheas
    - En 6/8: tres corcheas ligadas a tres corcheas, negra-corchea ligada a tres corcheas, negra con punto ligada a tres corcheas, tres corcheas ligadas a negra con punto.
  - Anacruse:
    - En compases simples: de unha ou dúas corcheas, de negra e de dúas semicorcheas.
    - En compases compostos: de unha, dúas e tres corcheas.
  - Equivalencias de pulso=pulso en cambios de compás entre compases simples ou entre compases compostos.
  - Equivalencias de pulso=pulso en cambios de compás simple a composto ou viceversa.
  - Aplicación de textos a ritmos adecuados ao nivel.
  - Conversa rítmica.
  - Clave de fa en 4<sup>a</sup> (coas dificultades rítmicas do 1<sup>o</sup> curso).





- Práctica de lectura horizontal e vertical nas claves de sol e fa en 4º.
- Lectura interválica como introdución ás demais claves (notas soltas, escalas, intervalos, exercicios con notas correlativas).
- Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da agónica e a dinámica.
- Introdución á expresión musical (ligadura de expresión ou legato, picado, acento ^ ), lectura articulada. Termos para modificar o movemento gradualmente (accelerando, ritardando), termos para restablecer o movemento.
- Outros elementos de lectura e escritura musical: alteracións, dobre barra de repetición, 1ª e 2ª vez, etc...
- Lectura polifónica.
- Improvisación rítmica adecuada ao nivel con proposta previa, ou non.
- Práctica de lectura a 1º vista.
- Recoñecemento e interpretación de comezos téticos, anacrúsicos e acéfalos.
- Traballo de memorización rítmica con fragmentos que irán aumentando de complexidade e lonxitude para acostumar aos/ás alumnos/as paulatinamente e dentro do nivel de contidos do curso.

#### **Psicomotricidade:**

- Percusión con ambas mans de dous ritmos simultáneos ou disociados,
- Ritmo percutido con percusión corporal a dúas e tres voces (entre varios alumnos/as), canción acompañada de percusión.
- Ritmo percutido a dúas e tres voces instrumentais (entre varios alumnos/as).

#### **Contidos melódicos**

- Entoación de movementos melódicos ascendentes, descendentes ou horizontais.
- Interpretación vocal de melodías do nivel con acompañamento pianístico e sen el, en tonalidades de Do M, Sol M e Fa M e as de la m, mi m e re m e de Do menor e La M en contraposición coas súas homónimas.
- Contraposición e alternancia dos modos maior e menor (utilizando as tonalidades homónimas de do m e La M).
- Introdución a outras tonalidades: Re M, si m, Sib M e sol m.
- Entoación de cancións con cambio de modo, que preferentemente inclúan o pentacordo.
- Entoación en la menor dos tipos de escalas natural e harmónica.
- Interpretación dos termos e signos que afectan á expresión musical (ligadura de expresión ou legato, picado, acento ^ ), reguladores, etc.



- Entoación con alteracións accidentais.
- Interválica: cantar semitóns e tons, intervalos maiores e menores con notas naturais, traballando de xeito consciente os intervalos de 2º e 3º M - m e de 4º, 5º e 8º xustas.
- Polifonía: entoación a dúas e a tres voces, canción acompañada de percusión.
- Entoación de acordes enlazados de Tónica, Dominante e Subdominante (notas propias e estrañas: floreos e notas de paso).
- Traballo dos elementos necesarios para a entoación a 1ª vista: escalas, arpejos, exercicios de entoación ou cancións.
- Improvisación vocal sobre os acordes de I e V graos, con escritura previa.
- Creación de melodías ou cancións, adecuadas ao nivel, con proposta previa ou non, facendo propios e funcionais os coñecementos adquiridos.

### **Contidos auditivos**

- Recoñecemento auditivo de compases simples e compostos.
- Audición e reprodución escrita de movementos melódicos, rítmicos e rítmico-melódicos cos contidos do curso.
- Sensibilización do feito tonal e modal.
- Recoñecemento auditivo dos acordes de tónica, subdominante e dominante.
- Diferenciación do carácter expresivo das cadencias cos acordes de Tónica e Dominante (conclusivo e suspensivo)

### **Contidos teóricos e analíticos**

- Modalidade e tonalidade.
- As escalas e as tonalidades. As alteracións. As armaduras.
- Os tipos de escalas menores (modelo La menor): natural e harmónica.
- Os graos da escala.
- Os intervalos ata o de 8ª (número e especie).
- Signos e termos de tempo, dinámica, agónica e expresión. Diminutivos superlativos adverbios engadidos ós termos de tempo, Indicacións de movemento. Termos que modifican o movemento: aumentar, diminuír, suspender, restablecer
- Signos de repetición (dous puntos, 1ª e 2ª vez, signos especiais de repetición, Da Capo), Coda
- Iniciación ás cadencias.
- Acordes tríadas maiores e menores.
- Os acordes de tónica, subdominante e dominante. Diferente carácter expresivo cadencial dos acordes de I, IV e V.
- Compases simples e compostos.



- O dosillo e o tresillo. Grupos de valoración especial.
- Síncope. Notas a contratempo.
- Ligadura e punto.
- Anacruse.
- Equivalencias.
- Tipos de comezo e de final.
- As claves.
- A forma musical: Estrutura binaria e ternaria. A repetición, a variación e o contraste como recursos da composición musical. Pregunta(suspensivo)-resposta(conclusivo). A cadencia conclusiva e maila suspensiva.

### 9.2.3. Criterios de avaliación

A avaliación cumpre fundamentalmente unha función formativa, o ofrecer ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe do seu alumnado, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores ás insuficiencias advertidas. Por outra parte estes indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Deste xeito, os criterios de avaliación son un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto o proceso da aprendizaxe do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son:

- **Obxetividade**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística
- **Transparencia**, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica
- **Accesibilidade**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ó longo de todo proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera dos/as alumnos/as nun momento determinado respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais e específicos, neste caso, os propios da linguaxe musical.

O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, non debe ser medido de forma mecánica, se non con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumnado (curso formativo no que se encontra, así como as súas propias características e posibilidades).



## **Xerais**

- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo, verificando así que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

## **Rítmica-lectura**

- Imitar estruturas rítmicas breves coa percusión extraídas dos contidos do curso para comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
- Executar a través da percusión corporal ou instrumental, estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento coas dificultades especificadas no apartado dos contidos, e con melodía asociada ou non no que se valorarán as capacidades de: repetición, memoria rítmica e corrección no encadeamento de fórmulas rítmicas con precisión e dentro dun tempo establecido.
- Ler correctamente fragmentos breves melódico-rítmicos nos que se inclúan os contidos de ritmo, lectura, métrica e expresión propios do curso para comprobar o nivel de asimilación destes contidos por parte do alumnado.
- Interpretar cambios sinxelos de compás coa equivalencia de pulso igual a pulso dentro dos compases traballados no curso.
- Improvisar breves frases rítmicas a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos rítmicos e métricos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación destes conceptos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.

## **Entoación**

- Imitar estruturas melódicas breves coa voz extraídas dos contidos do curso para comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida.
- Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento pianístico ou sen el, para comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación, grao de interiorización dos sons e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura. De ser con acompañamento, este non reproducirá a melodía cunha harmonía sinxela e facilitadora tanto melódica como ritmicamente.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos melódicos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación dos conceptos tonais básicos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.

## **Audición**

- Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así coma o acento pe-riódico, dentro dos compases traballados durante o curso, comprobando así a co-



recta percepción do acento periódico, base do compás, o recoñecemento do carácter binario, ternario ou cuaternario deste, e o carácter binario ou ternario dentro de cada pulso.

- Identificar auditivamente o modo maior ou menor dunha obra, fragmento ou canción identificando o diferente carácter expresivo de ámbolos dous modos.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais breves escoitados (aproximadamente 8 compases): rítmicos, melódicos e melódico- rítmicos cos parámetros rítmicos, métricos e melódicos traballados durante o curso para comprobar o grado de asimilación dos diferentes contidos do curso por parte do alumnado.

### Teoría

- Presentar no prazo establecido os traballos escritos ou exercicios de teoría encomendados polo/a profesor/a. Trátase de comprobar así a correcta asimilación dos contidos teórico-prácticos así como a corrección na presentación e caligrafía dos cadernos dos/as alumnos/as.

#### 9.2.3.1. Mínimos esixibles

Debe cumprirse integramente a totalidade do exposto a continuación:

- Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliarase:
  - O sostemento do pulso.
  - A correcta marcación dos compases (2/4, 3/4, 4/4 e 6/8)
  - A precisión rítmica:
    - Subdivisión binaria: negra con punto-corchea, síncopa corchea-negra-corchea, silencio de corchea, corchea-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-corchea, corchea con punto-semicorchea, tresillo de corcheas
    - Subdivisión ternaria: branca con punto, negra con punto e o seu silencio, 3 corcheas, negra-corchea, corchea-negra
  - A soltura na lectura de notas:
    - En clave de sol, de sol grave a sol agudo, cos ritmos do punto anterior.
    - En clave de fa, de do no 2º espazo ó do central, con brancas, negras e corcheas en subdivisión binaria.
- Executar simultaneamente con ambas mans exercicios rítmicos en 6/8 nos que unha man leve o pulso e a outra execute os ritmos básicos (branca con punto, negra con punto e o seu silencio, 3 corcheas, negra-corchea)
- Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpexo de tónica de Do maior, Sol maior, Fa maior e os seus relativos.
- Entoar os acordes de tónica e dominante enlazados nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.
- Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con



- acompañamento, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpexos de tónica e dominante cos seguintes ritmos (brancas, negras e dúas corcheas, silencio de branca e negra, catro semicorcheas, negra con punto-corchea, silencio de corchea).
- Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: intervalos sen alteracións (número e especie), uso das alteracións, tons e semitóns nas escalas maior e menor, graos tonais (tónica, dominante e subdominante)
  - Realizar correctamente ditados rítmicos cos ritmos básicos:
    - Subdivisión binaria: negra con punto-corchea, síncopa corchea- negra-corchea, silencio de corchea, corchea-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-corchea, tresillo de corcheas.
    - Subdivisión ternaria: negra con punto e o seu silencio, 3 corcheas, negra-corchea, corchea-negra
  - Realizar correctamente ditados melódicos, identificando o sentido ascendente ou descendente, a repetición de sons, as notas correlativas e os saltos entre notas dos acordes de tónica e dominante nas tonalidades Do maior, Sol maior, Fa maior e os seus relativos.
  - Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos cos mesmos elementos rítmicos especificados para os ditados rítmicos e melódicos nas tonalidades Do maior e la menor.

#### **9.2.4. Recursos didácticos**

O libro de texto a empregar será "Nuevo Lenguaje Musical 2º ". Gabriel Robles Ojeda. Ediciones Si B.

O libro de Teoría será "Cuadernos de Teoría 2º curso grado elemental " Ibañez-Cursá. Editorial Real Musical

En canto a recursos dispoñibles online podemos destacar:

- [www.youtube.es](http://www.youtube.es)
- [www.teoria.com](http://www.teoria.com)
- [Symbaloo-dictados](http://Symbaloo-dictados)
- <http://dictadosmusicales.weebly.com/>



## 9.3. Curso: 3º de grao elemental

### 9.3.1. Obxectivos

A ensinanza da linguaxe musical no terceiro curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Compartir vivencias musicais cos/as compañeiros/as.
- Adquirir os coñecementos esenciais adecuados ó nivel que permitan enriquecer a relación do/a alumno/a coa música.
- Adquirir os coñecementos indicados no apartado de contidos.
- Desenvolver os recursos da voz, como vehículo de expresión musical, co obxecto da comprensión dos elementos da linguaxe musical.
- Valorar na entoación a afinación e interiorización dos sons nas tonalidades estudadas durante o curso como necesidade imprescindible para a práctica instrumental e coral.
- Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia (cambios de compás simple a composto ou viceversa).
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo, melódico, rítmico, harmónico e formal.
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo.
- Experimentar creando melodías, ritmos, cancións, etc., facendo propios e funcionais os coñecementos adquiridos.
- Iniciar ao alumnado no concepto de análise (forma, harmonía, cadencias, dentro do nivel de coñecementos do curso).
- Mellorar a competencia no uso das TICs como ferramenta de apoio para a aprendizaxe musical.
- Adquirir a capacidade esencial da escritura musical, como elemento básico da linguaxe musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical que lle permita comunicar os seus coñecementos.
- Adquirilo hábito do traballo persoal diario.

### 9.3.2. Contidos

Contidos Rítmica-Lectura:

- Percepción, identificación e interiorización do pulso, o acento e a subdivisión.



- Práctica e interiorización do silencio (pulso interno).
- Unidades métricas:
  1. Compases simples de 2, 3 e 4 tempos de unidade negra, 3/8 a un tempo e subdividido. Iniciación ó compás de 2/2
  2. Compases compostos de 2, 3, e 4 tempos de unidade negra con punto,
- Coñecemento, identificación e práctica dos seguintes elementos rítmicos:
  1. Compases simples de unidade negra:
  2. Compás de 2/2: redonda, branca, dúas negras, tresillo de negras, branca con punto-negra, negra-dúas corcheas e viceversa, catro corcheas, negra con punto-corchea, negra- silencio e viceversa, negra-branca-negra, corchea-negra-corchea.
  3. Compases compostos de unidade negra con punto (6/8, 9/8, 12/8): seis semicorcheas, corchea-catro semicorcheas e viceversa, combinacións de dúas corcheas e dúas semicorcheas, corchea con punto-semicorchea-corchea, corchea con punto-tres semicorcheas, negra-dúas semicorcheas e viceversa, silencio de negra-dúas semicorcheas
- Tercina e dobrete. A valoración especial como proceso de transferencia entre os compases binarios e ternarios.
- O catríño e o seisiño.
- A ligadura e o punto: Punto en compases simples: na negra precedida do silencio de corchea. Ligadura en compases compostos: corchea con punto seguida de semicorchea e corchea. Ligaduras de figuras con semicorcheas.
- Anacruse: En compases simples: de corchea, de unha, dúas ou tres semicorcheas. En compases compostos: de corchea, dúas corcheas, de dúas semicorcheas.
- Interpretación de dous ritmos simultáneos.
- Interpretación de polirritmias de 3 contra 2 e 3 contra 4 con percusión corporal (entre dúas persoas).
- Equivalencias de pulso=pulso. Cambios de compás entre compases simples e entre compostos.
- Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ao nivel a unha ou varias voces.
- Práctica da lectura articulada.
- Lectura en clave de fa en 4ª (coas dificultades rítmicas do 2º curso).
- Lectura interválica como introdución ás demais claves (notas soltas, escalas, intervalos, exercicios por graos conxuntos, terceiras...).
- Lectura polifónica. Práctica de lectura de notas horizontal e verticalmente en clave



de sol en segunda e fa en cuarta.

- Práctica de lectura a 1º vista.
- Improvisación e creación rítmica adecuadas ao nivel con proposta previa ou sen ela.
- Traballo de memorización rítmica con fragmentos que irán aumentando de complexidade e lonxitude para acostumar aos/ás alumnos/as paulatinamente e dentro do nivel de contidos do curso.

### **Contidos Melódicos:**

- Sensibilización do feito tonal e modal por medio da entoación e do recoñecemento do repertorio instrumental traballado.
- Movements melódicos ascendentes, descendentes e horizontais. Movements melódicos tonais, movements interválicos.
- Interpretación vocal das obras adecuadas ó nivel, con acompañamento pianístico ou non, nas tonalidades ata tres alteracións.
- Modalidade: escalas menores natural, harmónica e melódica. Cambio de modo en cancións memorizadas con letra, con melodías que preferentemente inclúan o pentacordo.
- Introducción á modulación.
- Intervalos: De 2ª maior e menor, de 3ª maior e menor, 6º maior e menor, de 4ª, 5ª, 8ª xusta, e todos os intervalos aumentados e diminuídos, dentro e fora do contexto tonal tanto melódicos coma harmónicos. Ascendentes e descendentes. Unísono. Conciencia dos intervalos en cancións e fragmentos memorizados.
- Traballo dos elementos necesarios para a entonación a 1ª vista: escalas, arpejos, exercicios de entoación ou cancións.
- Improvisación vocal sobre os acordes I, IV e V, con escritura previa.
- Variación e creación vocal adecuada ao nivel do coñecemento musical do alumnado sobre os acordes de I, IV e V con floreos, iniciado con escritura previa.
- Traballo de memorización melódica con fragmentos que irán aumentando de complexidade e lonxitude para acostumar aos/ás alumnos/as paulatinamente e dentro do nivel de contidos do curso.
- Entoación de melodías memorizadas, percibindo conscientemente os elementos musicais melódicos, rítmicos e expresivos
- Outro tipo de exercicios de relación entre o feito melódico, rítmico e psicomotor: recitado rítmico, percusión corporal acompañando á entoación, etc.

### **Contidos Auditivos:**

- Sensibilización do feito tonal e modal a través de fragmentos musicais e exercicios.



- Recoñecemento auditivo de compases simples e compostos.
- Audición e reprodución escrita de movementos, fragmentos ou exercicios rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos cos contidos do curso.
- Recoñecemento auditivo de tonalidades (maior e menor).
- Recoñecemento auditivo dos graos tonais I- IV-V
- Recoñecemento auditivo de cadencias: conclusiva e suspensiva. Contidos teóricos e analíticos:
- Catrillo (excedente e deficiente), seisillo. Tresillo e dobrete irregulares.
- As equivalencias.
- Continuación do estudo dos intervalos: semitón diatónico e cromático Intervalos (especies). Intervalos simples (todos). Efecto das alteracións sobre os intervalos (regra para identificar un intervalo entre notas alteradas). Inversión de intervalos. Enharmonías
- Tonalidades. Graos da escala e da tonalidade. Serie de quintas. Tons relativos: táboa de tonalidades e número de alteracións
- Iniciación á modulación.
- Os acordes triada maior, menor, aumentado e diminuído.
- Acordes de tónica, dominante e subdominante. Diferente carácter expresivo cadencial dos acordes de I, IV e V.
- Tempo ou Movemento. Termos que modifican o movemento.
- Articulación e acentuación. Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión: staccato, staccatísimo, legato, subraído, acento, etc... A ligadura expresiva.
- Os matices: forte, piano, mezzo forte, etc...
- As sete claves (Sol, Fa, Do). Relación entre elas.
- A forma musical: A frase. Correspondencia entre a frase oral e a frase musical. A repetición, a variación e o contraste como recursos da composición musical. A forma binaria e ternaria.

### **9.3.3. Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera dos/as alumnos nun momento determinado respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais e específicos, neste caso, os propios da linguaxe musical.

O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, non debe ser medido de forma mecánica, se non con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumnado (curso formativo no que se encontra, así como as súas propias características e posibilidades).



## **Xerais**

- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo, verificando así que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

## **Rítmica-lectura**

- Imitar estruturas rítmicas breves coa percusión extraídas dos contidos do curso para comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
- Executar a través da percusión corporal ou instrumental, estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento coas dificultades especificadas no apartado dos contidos, e con melodía asociada ou non no que se valorarán as capacidades de: repetición, memoria rítmica e corrección no encadeamento de fórmulas rítmicas con precisión e dentro dun tempo establecido.
- Ler correctamente fragmentos breves melódico-rítmicos nos que se inclúan os contidos de ritmo, lectura, métrica e expresión propios do curso para comprobar o nivel de asimilación destes contidos por parte do alumnado.
- Interpretar cambios sinxelos de compás coa equivalencia de pulso igual a pulso dentro dos compases traballados no curso.
- Improvisar breves frases rítmicas a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos rítmicos e métricos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación destes conceptos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.

## **Entoación**

- Imitar estruturas melódicas breves coa voz extraídas dos contidos do curso para comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida.
- Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento pianístico ou sen el, para comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación, grao de interiorización dos sons e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura. De ser con acompañamento, este non reproducirá a melodía cunha harmonía sinxela e facilitadora tanto melódica como ritmicamente.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos melódicos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación dos conceptos tonais básicos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.



## Audición

- Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así coma o acento periódico, dentro dos compases traballados durante o curso, comprobando así a correcta percepción do acento periódico, base do compás, o recoñecemento do carácter binario, ternario ou cuaternario deste, e o carácter binario ou ternario dentro de cada pulso.
- Identificar auditivamente cambios sinxelos de compás coa equivalencia de pulso igual a pulso dentro dos compases traballados no curso.
- Identificar auditivamente o modo maior ou menor dunha obra, fragmento ou canción identificando o diferente carácter expresivo de ámbolos dous modos.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais breves escoitados (aproximadamente 8 compases): rítmicos, melódicos e melódico- rítmicos cos parámetros rítmicos, métricos e melódicos traballados durante o curso para comprobar o grado de asimilación dos diferentes contidos do curso por parte do alumnado.

## Teoría

- Presentar no prazo establecido os traballos escritos ou exercicios de teoría encomendados polo/a profesor/a. Trátase de comprobar así a correcta asimilación dos contidos teórico-prácticos así como a corrección na presentación e caligrafía dos cadernos dos/as alumnos/as.

### 9.3.3.1. Mínimos esixibles

Debe cumprirse integramente a totalidade do exposto a continuación:

- Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliárase:
  - O sostemento do pulso a través do metrónomo
  - A correcta marcación dos compases (2/4, 3/4, 4/4 e 6/8, 9/8, 3/8)
  - A precisión rítmica:
- Subdivisión binaria: síncoa semicorchea-corchea- semicorchea, silencio de corchea-dúas semicorcheas e viceversa,
- Subdivisión ternaria: silencio de corchea, silencio de negra, seis semicorcheas, corchea-catro semicorcheas e viceversa, dúas corcheas-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-dúas corcheas, corchea-dúas semicorcheas-corchea, corchea con punto-semicorchea-corchea, dosillo regular.
- A soltura na lectura de notas:
- En clave de sol, de sol grave a sol agudo, cos ritmos do punto anterior.
- En clave de fa, de sol na 1ª liña ó do central, con brancas, negras e corcheas en subdivisión binaria, e con 3 corcheas, negra con punto, negra-corchea en subdivisión ternaria.



- Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpejo de tónica das tonalidades ata dúas alteracións.
- Entoar os acordes de tónica, dominante e subdominante enlazados nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.
- Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con acompañamento, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpejos de tónica, dominante e subdominante cos seguintes ritmos (brancas, negras e dúas corcheas, silencio de branca e negra, catro semicorcheas, negra con punto-corchea, silencio de corchea en subdivisión binaria, e con 3 corcheas, negra con punto, negra-corchea en subdivisión ternaria).
- Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: intervalos con alteracións (número e especie), tipos de escalas menores, graos da escala, armaduras, cadenzas conclusiva e suspensiva, triada maior e menor, compases simples e compostos.
- Realizar correctamente ditados rítmicos cos ritmos básicos:
  - Subdivisión binaria: negra con punto-corchea, síncopa corchea- negra-corchea, silencio de corchea, corchea-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-corchea, tresillo de corcheas, corchea con punto semicorchea, síncopa semicorchea-corchea-semicorchea.
  - Subdivisión ternaria: negra con punto e o seu silencio, 3 corcheas, negra-corchea, corchea-negra, seis semicorcheas, corchea-catro semicorcheas e vice-versa, dúas corcheas-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-dúas corcheas, corchea-dúas semicorcheas-corchea, corchea con punto-semicorchea-corchea.
- Realizar correctamente ditados melódicos, identificando o sentido ascendente ou descendente, a repetición de sons, as notas correlativas e os saltos entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata dúas alteracións e alteración accidental na sensible do modo menor.
- Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos cos mesmos elementos rítmicos especificados para os ditados rítmicos e melódicos nas tonalidades ata unha alteración.

#### **9.3.4. Recursos didácticos**

O libro de texto a empregar será "Nuevo Lenguaje Musical 3º ". Gabriel Robles Ojeda. Ediciones Si B.

O libro de Teoría será "Cuadernos de Teoría 3º curso grado elemental " Ibañez-Cursá. Editorial Real Musical



En canto a recursos dispoñibles online podemos destacar:

- [www.youtube.es](http://www.youtube.es)
- [www.teoria.com](http://www.teoria.com)
- [Symbaloo-dictados](http://Symbaloo-dictados)
- <http://dictadosmusicales.weebly.com/>





## 9.4. Curso: 4º de grao elemental

### 9.4.1. Obxectivos

- Adquirir os coñecementos esenciais adecuados ao nivel de cuarto, que lle permitan ao alumnado enriquecer a súa relación coa música.
- Desenvolver os recursos da voz como vehículo de expresión musical e de satisfacción inmediata, proporcionando as capacidades necesarias para a comprensión dos elementos constitutivos da linguaxe musical.
- Acceder aos códigos rítmicos que require o nivel de cuarto de linguaxe musical.
- Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (melódico, rítmico, formal, etc.).
- Emprega-lo “oído interno” para relacionar a audición coa súa representación gráfica, coa finalidade de interiorizar e sentir previamente os coñecementos a adquirir e contribuír ó asentamento dos xa adquiridos, mediante a realización de ditados e autoditados de cancións ou pezas musicais previamente memorizadas.
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da linguaxe musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Iniciar ao alumnado no concepto de análise (forma, harmonía, cadencias, etc...) dentro do nivel de coñecementos do curso.
- Relacionar os coñecementos prácticos de lectura e escritura adquiridos, co repertorio do seu instrumento para percibir a importancia da funcionalidade da linguaxe musical, a través do análise rítmico, melódico, expresivo e formal.
- Realizar experiencias harmónicas, formais, tímbricas, etc... que lles permitan comezar a adquirir conciencia da necesidade do pensamento musical consciente, partindo da práctica auditiva, vocal e instrumental.
- Experimentar creando melodías, ritmos, cancións, etc. para facer propio e funcional o coñecemento adquirido, realizando improvisacións con ou sen proposta previa, e compoñendo pezas sinxelas ó final de cada unidade servindo incluso de avaliación final e autoavaliación.
- Mellorar a competencia no uso das TICs como ferramenta de apoio para a aprendizaxe musical.



## 9.4.2. Contidos

### Contidos rítmicos

- Percepción, identificación e interiorización do pulso.
- Recoñecemento de unidades métricas binarias, ternarias e cuaternarias
- Percepción e identificación do acento nos compases traballados en cursos anteriores. Iniciación ós compases de partes desiguais: 5/8.
- Práctica e interiorización do silencio. Práctica de varios compases de silencio seguidos
- Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas básicas orixinadas polo pulso binario:
  - Compases de unidade negra: silencio de semicorchea nas distintas posicións, fusa, silencio de corchea con puntillo- semicorchea, dobre tresillo, corchea-tresillo de semicorcheas e viceversa
  - Compases de unidade branca: silencio de negra-dúas corcheas, dúas corcheas-branca-dúas corcheas, silencio de corchea-tres corcheas, branca ligada a catro corcheas, anacruse de negra, seisillo.
  - Compases de unidade negra con puntillo: tres corcheas ligadas a tres corcheas, negra-dúas semicorcheas e viceversa, silencio de corchea-corcheas-dúas semicorcheas nas diferentes combinacións posibles, silencio de corchea-catro semicorcheas, iniciación o tresillo de negras en dúas partes mediante ligaduras
- Coñecemento, identificación e práctica dos grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario:
  - Unidade negra: tresillo irregular de corcheas, tresillo irregular que inclúa silencios de corchea, tresillo de semicorcheas, dobre tresillo, seisillo.
  - Unidade branca: dobre tresillo, seisillo
- Coñecemento, identificación e práctica dos grupos rítmicos binarios contidos nun pulso ternario: dobretes irregulares
- Coñecemento, identificación e práctica dos signos que modifican a duración: dobre punto e ligaduras, adecuados ao nivel de cuarto curso
- Improvisación e creación rítmica con e sen proposta previa.
- Práctica de lectura a 1º vista.
- Ritmo e lectura sobre ritmos tradicionais españois: seguidilla, xota aragonesa, muiñeira, petenera, zortzico, bolero, etc.
- Coñecemento, identificación e práctica das equivalencias que impliquen pulso=pulso e fracción=fracción entre dos os compases traballados no curso
- Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ó nivel de cuarto.



- Práctica de lectura de notas verticalmente en clave de fa en cuarta e clave de sol en segunda.
- Emprego das claves necesarias para a práctica instrumental do alumnado.
- Práctica da lectura interválica.
- Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agónica e da dinámica na música
- Identificación e interpretación de todos os signos que afectan ó tempo e á agónica, ademais dos fundamentais que atañen ó carácter: articulacións (ligaduras expresivas, acentos, etc.), articulacións que desprazan a acentuación.
- Traballo de memorización rítmica e melódica con fragmentos que irán aumentando de complexidade e lonxitude para acostumar aos/ás alumnos/as paulatinamente e dentro do nivel de contidos do curso.

#### **Psicomotricidade:**

- Ritmo percutido a dúas e tres voces, ostinato rítmico, lectura acompañada de percusión, exercicio rítmico-prosódico a varias voces.

#### **Contidos melódicos:**

- Coñecemento da voz e o seu funcionamento: respiración, afinación e sensibilización na práctica da emisión.
- Interpretación vocal de obras didácticas adecuadas ao nivel con acompañamento pianístico e a capella.
- Músicas tradicionais españolas e de outras culturas ou épocas
- Entoación a varias voces con ou sen letra, ou combinando o canto e a percusión
- Reprodución memorizada vocal ou escrita de fragmentos melódicos ou cancións.
- Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación de escalas diatónicas maiores e menores ata 4 alteracións.
- Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos tonais de ata catro alteracións na armadura, tanto en modo maior como en modo menor.
- Sensibilización, identificación e interpretación de alteracións accidentais producidas polos diferentes tipos de escalas traballados ou polas notas estrañas ós acordes.
- Sensibilización, identificación e interpretación de modulacións. Cambios de modo.
- Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos interválicos dentro do ámbito da oitava, maiores, menores e xustos (todos incluídos desde os de 2ª ós de 8ª).
- Reprodución vocal de acordes maiores e menores, tanto de tónica como de dominante e subdominante, nas tonalidades de ata catro alteracións na armadura.



- Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión: ligaduras expresivas, articulacións, dinámicas, etc. analizando a forma e outros elementos interpretativos: signos de repetición e Coda.
- Improvisación vocal con ou sen proposta previa en base aos acordes de tónica, 7<sup>a</sup> de dominante e subdominante das tonalidades de ata catro alteracións na armadura, incluíndo notas estrañas ós acordes indicados: notas de paso, floreos e apoiaturas, empregando diferentes articulacións e matices expresivos.
- Traballo dos elementos necesarios para a entonación a 1<sup>a</sup> vista: escalas, arpexos, exercicios de entoación ou cancións.

#### **Contidos auditivos:**

- Sensibilización do feito tonal e modal.
- Audición e reprodución escrita de movementos melódicos e rítmicos contidos dentro dos apartados anteriores, a unha voz.
- Recoñecemento auditivo de compases simples e compostos.
- Recoñecemento auditivo de tonalidades (maior e menor).
- Recoñecemento auditivo de arpexos e acordes de tónica, dominante e subdominante dentro das tonalidades traballadas durante o curso.
- Introducción ás cadencias: perfecta, semicadencia e plagal.

#### **Contidos teóricos e analíticos:**

- A subdivisión binaria e ternaria. Compases a un tempo. Compases de partes desiguais: 5/8 e 7/8
- Dobre e triplo punto
- Equivalencias: pulso=pulso e figura=figura (tempos desiguais)
- Abreviacións: repetición dunha nota, de dúas notas de valor igual, de fragmentos, de notas e acordes, compases en silencio, outras abreviacións, glissando, portamento
- Grupos de valoración especial: (por exceso e por defecto): dobrete, tresillo, catrillo, seisillo (dobre tresillo), cinquillo, setillo
- Escala maior: tipos.
- Escala menor: tipos.
- Ampliación da tonalidade: a modulación.
- Grados tonais, grados modais. As notas estrañas: notas de paso, floreos e apoiaturas.
- Acordes tríadas: repaso, os catro tipos, inversión dos acordes, diferenza entre nota



fundamental e nota do baixo. Duplicacións.

- Acorde de 7<sup>a</sup> de dominante: constitución e inversións
- Repaso de tonalidades ata sete alteracións con sostidos e bemoles. Tonalidades veciñas e relativas.
- Normas para atopala tonalidade dunha obra musical.
- Alteracións dobres e enharmonías (notas, intervalos e tonalidades).
- Ampliación do tema das cadencias: conclusivas (auténtica perfecta, imperfecta, plagal) e suspensivas (semicadencia e rota).
- Repaso de intervalos: maiores, menores, aumentados e diminuídos. A inversión de intervalos.
- Repaso: signos de expresión: dinámica, tempo e agónica, carácter, ligaduras, etc.
- A forma musical: A frase (tipos: primaria, binaria, ternaria, cuaternaria). formas sinxelas binarias, e ternarias.
- Análise visual de melodías e pequenas pezas sinxelas seguindo todos os parámetros traballados neste apartado de coñecementos teóricos e analíticos.

#### **9.4.3. Criterios de avaliación**

- Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión extraídas dos contidos do curso para comprobar o grao de memoria e a capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
- Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así coma o acento periódico. dentro dos compases traballados durante o curso. Comprobando así a correcta percepción do acento periódico, base do compás, o recoñecemento do carácter binario, ternario ou cuaternario deste, e o carácter binario ou ternario dentro de cada pulso.
- Mantelo pulso durante períodos breves de silencio para comprobar a súa interiorización, percutíndoo durante a audición de fragmentos musicais ou o canto de cancións memorizadas previamente, nas que se intercalen varios compases de silencio.
- Executar a través da percusión corporal ou instrumental, estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento coas dificultades especificadas no apartado dos contidos, e con melodía asociada ou non no que se valorarán as capacidades de: repetición, memoria rítmica e corrección no encadeamento de fórmulas rítmicas con precisión e dentro dun tempo establecido.
- Ler correctamente fragmentos breves melódico-rítmicos nos que se inclúan os contidos de ritmo, lectura, métrica e expresión propios do curso para comprobar o nivel de asimilación destes contidos por parte do alumnado.



- Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento pianístico ou sen el, para comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación, grao de interiorización dos sons e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura. De ser con acompañamento, este non reproducirá a melodía.
- Identificar e entoar intervalos simples melódicos maiores, menores e xustos. Este criterio de avaliación permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado, como elemento indispensable de aplicación a estruturas tonais ou non.
- Aplicar un texto a un ritmo sinxelo ou viceversa asociando correctamente as rítmicas ás palabras e viceversa
- Identificar auditivamente e interpretar cambios sinxelos de compás coa equivalencia de pulso igual a pulso e figura igual a figura dentro dos compases traballados no curso ou de forma auditiva con outro tipo de compases sen especificar o nome do compás.
- Improvisar breves frases rítmicas a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos rítmicos e métricos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación destes conceptos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa na que se utilizarán os elementos melódicos traballados no curso o que permitirá comprobar a asimilación dos conceptos tonais básicos por parte do alumnado, facendo uso libre dos elementos propostos.
- Ler internamente, nun tempo dado un texto musical sinxelo adaptado ós contidos do curso e reproducilo de memoria.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados rítmicos, melódicos e melódico-rítmicos cos parámetros traballados durante o curso para comprobar o grao de asimilación dos diferentes contidos do curso por parte dos/as alumnos/as.
- Identificar auditivamente o modo maior ou menor dunha obra ou canción.
- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e nos métodos de traballo. Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.
- Presentar no prazo establecido os traballos escritos ou exercicios de teoría encomendados polo/a profesor/a. Trátase de comprobar así a correcta asimilación dos contidos teórico-prácticos así como a corrección na presentación e caligrafía dos cadernos dos/as alumnos/as.



### 9.4.3.1. Mínimos esixibles

Debe cumprirse integramente a totalidade do exposto a continuación:

- Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliárase:
  - O sostemento do pulso.
  - A correcta marcación dos compases (2/4, 3/4, 4/4, 2/2 e 6/8, 9/8, 12/8, 3/8)
  - A precisión rítmica:
    - Subdivisión binaria: silencio de semicorchea, corchea- tresillo de semicorcheas, seisillo, dobre síncopa
    - Subdivisión ternaria: silencio de semicorchea a contratiempo, corchea con punto-tres semicorcheas, corchea-corchea con punto-semicorchea, negra-dúas semicorcheas, cuatrillo,
  - A soltura na lectura de notas:
    - En clave de sol, de sol grave a sol agudo, cos ritmos do punto anterior.
    - En clave de fa, de 1ª liña adicional por debaixo do pentagrama ó do central, con brancas, negras e corcheas en subdivisión binaria, e con 3 corcheas, negra con punto, negra-corchea e corchea-negra en subdivisión ternaria.
- Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpejo de tónica das tonalidades ata tres alteracións.
- Entoar os acordes de tónica, dominante e subdominante enlazados nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.
- Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con acompañamento, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpejos de tónica, dominante e subdominante cos seguintes ritmos (brancas, negras e dúas corcheas, silencio de branca e negra, catro semicorcheas, negra con punto-corchea, silencio de corchea en subdivisión binaria, e con 3 corcheas, negra con punto, negra-corchea e corchea-negra en subdivisión ternaria).
- Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: intervalos con alteracións (número e especie), tipos de escalas maiores e menores, armaduras, cadenzas conclusiva e suspensiva, triada maior, menor, aumentada e diminuída, sétima de dominante, compases simples e compostos, claves.
- Realizar correctamente ditados rítmicos cos ritmos básicos:
  - Subdivisión binaria: negra con punto-corchea, síncopa corchea-negra-corchea, silencio de corchea, corchea-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-corchea, tresillo de corcheas, corchea con punto semicorchea, síncopa semicorchea-corchea-semicorchea, seisillo.



- Subdivisión ternaria: negra con punto e o seu silencio, 3 corcheas, negra-corchea, corchea-negra, seis semicorcheas, corchea-catro semicorcheas e viceversa, dúas corcheas-dúas semicorcheas, dúas semicorcheas-dúas corcheas, corchea- dúas semicorcheas-corchea, corchea con punto-semicorchea-corchea, catrillo.
- Realizar correctamente ditados melódicos, identificando o sentido ascendente ou descendente, a repetición de sons, as notas correlativas e os saltos entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata tres alteracións e alteracións accidentais.
- Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos cos mesmos elementos rítmicos especificados para os ditados rítmicos e melódicos nas tonalidades ata dúas alteracións.

#### **9.4.4. Recursos didácticos**

O libro de texto a empregar será "Nuevo Lenguaje Musical 4º ". Gabriel Robles Ojeda. Ediciones Si B.

O libro de Teoría será "Cuadernos de Teoría 4º curso grado elemental " Ibañez-Cursá. Editorial Real Musical

En canto a recursos dispoñibles online podemos destacar:

- [www.youtube.es](http://www.youtube.es)
- [www.teoria.com](http://www.teoria.com)
- [Symbaloo-dictados](#)





## 9.5. Curso: 1º de grao profesional

### 9.5.1. Obxectivos

- Compartir vivencias musicais en grupo valorando a participación e a colaboración.
- Apreciar a música como linguaxe universal, cunha actitude aberta ás novas tendencias.
- Coñecer a evolución histórica dos elementos da linguaxe musical.
- Adquirir a capacidade de análise dos elementos da linguaxe musical nas obras para facer posible a total comprensión no seu marco histórico.
- Interpretar correctamente todos os signos gráficos musicais.
- Experimentar creando melodías, ritmos ou cancións, facendo propios e funcionais os coñecementos adquiridos.
- Adquirir a capacidade de expresarse mediante a voz e o propio instrumento aplicando os coñecementos da linguaxe musical. h) Recoñecer mediante a audición e a lectura elementos harmónicos e formais cada vez máis complexos.
- Conseguir a flexibilidade rítmica que permita abordar a música do século XX.
- Utilizar a disociación motriz e auditiva necesaria para executar ou escoitar ritmos e melodías simultáneas.
- Acadar un grao de memoria musical que permita a apreciación global do feito musical.
- Lograr corrección na escritura a unha e varias voces.
- Afianzar e desenvolver hábitos de estudo que propicien unha interpretación consciente.

### 9.5.2. Contidos

#### Rítmicos. Métrica:

- Compases simples de unidade negra, corchea, branca ou redonda.
- Compases compostos de unidade negra e corchea con punto.
- Compases de amalgama:  $5/4$  ( $3/4+2/4$ ),  $7/4$  ( $3/4+4/4$ )
- Práctica, identificación e coñecemento de compases orixinados por dous ou mais pulsos desiguais. Ritmos “coxos” ou “aksak”:
- Práctica de cambios de compás con unidades iguais ou diferentes. Aplicación de equivalencias e interpretacións metronómicas indicadas.
- Fórmulas rítmicas: todas as figuras e os seus silencios en todas as combinacións posibles.
- Cambios de acentuación que provoquen: síncofes, silencios, notas a contratempo,



etc.

- Ritmos sen compasear (Ritmo libre, medido).
- Interpretación de ritmos simultáneos que supoñan divisións distintas da unidade: dous contra tres, tres contra catro.
- Recoñecemento e práctica de grupos de valoración especial:
  - Todo tipo de grupos regulares e irregulares nun tempo ou fracción de tempo.
  - Grupos regulares e irregulares en varios tempos: Dobrete en tres, Tercina en dous e catro, Catrillo en tres.
- Improvisación sobre esquemas rítmicos establecidos ou libres.

### **Lecto-Escritura:**

- Lectura e escritura horizontal en clave de sol e fa en 4ª coas dificultades rítmicas, compases e indicacións metrónicas traballadas no curso.
- Lectura de agrupacións verticais nas claves de Sol e Fa en cuarta en un ou en varios pentagramas.
- Coñecemento e práctica de normas de escritura melódica, harmónica, e de abreviaturas.
- Práctica de lectura interválica de notas sen clave.
- Identificación e escritura de notas no seu correcto rexistro.
- Lectura horizontal en tódalas claves, de fragmentos sinxelos aplicando a lectura interválica.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Práctica de lectura expresiva: Lectura de elementos expresivos tales como: dinámicas, agónica, articulacións que impliquen cambios de acentuación, dentro dun compás ou de un a outro compás, etc.
- Práctica de técnicas de escritura.

### **Psicomotricidade:**

Realización de exercicios que axuden a potenciar as capacidades psicomotrices dos/as alumnos/as na dobre perspectiva corporal e musical con exercicios onde se combinen varias actividades ó mesmo tempo, tales como: exercicios a dúas voces: unha melódica rítmica e outra de percusión con palmas (para realizar por un/unha só/soa alumno/a), ou a tres voces: unha melódica e dúas de acompañamento rítmico (tanto para un só alumno como para varios coordinados).

### **Melódico-Harmónicos:**

- Práctica da entoación nas tonalidades maiores e menores ata cinco alteracións propias con enriquecemento mediante flexións, e modulacións ós tons homóni-



mos, da dominante e da subdominante, con acompañamento de piano, de percusión ou a capella.

- Práctica vocal de obras modais. Contextualización histórica.
- Práctica de interválica pura. Intervalos melódicos maiores, menores e xustos, 2ª e 4º A e 5ª D
- Entoación dos intervalos harmónicos anteriores.
- Entoación tonal a unha, dúas, tres e catro voces.
- Entoación interválica a unha e dúas voces.
- Entoación de acordes PM, Pm, 7ª de Dominante, 5º Disminuida, e 5ª aumentada.
- Educación vocal: clasificación de voces, exercicios de relaxación, de respiración e de vocalización, como preparación para a execución de cancións a unha e varias voces do repertorio vocal dos diferentes estilos traballados no curso.

#### **Auditivos:**

- Práctica de memorización previa á escritura de frases ou fragmentos progresivamente máis amplos.
- Recoñecemento, memorización e escritura de fragmentos en diferentes alturas e tonalidades: nas tonalidades maiores e menores ata cinco alteracións propias, incluíndo os tipos de escala maior e menor, con enriquecemento mediante modulacións ós tons homónimos, da dominante e da subdominante.
- Interválica pura: exercicios de audición e de corrección de erros a unha e dúas voces, con referencia tonal ou sen ela de todos os intervalos simples melódicos maiores, menores e xustos, e de 2ª e 4º A e 5ª D
- Escritura de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos:
  - A unha voz: tonais, ditado rítmico con fórmulas rítmicas preestablecidas, modais, etc.
  - A dúas voces: 2ª voz: grados tonais e dúas voces contrapuntísticas.
- Identificación auditiva de intervalos melódicos, e harmónicos.
- Identificación auditiva de acordes tríadas en estado fundamental e con inversións.
- Identificación auditiva de notas estrañas diatónicas e cromáticas: notas de paso, floreos.
- Identificación auditiva de funcións tonais: tónica, dominante e subdominante.
- Audicións de obras ou fragmentos nas que se recoñezan elementos traballados.
- Recoñecemento auditivo e análise de formas simples: binaria, ternaria, lied, etc.



### **Teóricos e analíticos**

- Os compases: continuación do seu estudo, compases de amalgama e dispares, compases normais como dispares, polimetría, compases con valores agregados e de diminución, ritmos coxos ou "aksak", música sen compasear.
- Intervalos: repaso do xa traballado no grao elemental: Diversas clasificacións dos intervalos (ascendentes-descendentes, melódicos-harmónicos, simples-compostos, etc.). Clasificación numérica, especies, inversións, ampliación e redución. Intervalos harmónicos: consonancias e disonancias.
- Dobres alteracións.
- Construción, cualificación, formación, identificación, cifrado e conversión de acordes: Acordes perfectos maiores e menores, acordes tríadas aumentados e diminuídos, acordes de sétima. Acordes tonais.
- Cadencias: conclusivas: perfecta, imperfecta, plagal, completa, seis-catro cadencial, terceira picarda, e, suspensivas: rota, semicadencia (de dominante e de subdominante), cadencia fríxia (andaluza)
- Enharmonías: notas, intervalos, tonos, escalas e acordes. Enharmonía total e parcial.
- Claves: repaso e relación entre elas.
- Normas de escritura musical: plicas, barrado, silencios, alteracións, puntos, articulacións.
- Notas estrañas: notas de paso, bordaduras (floreos), apoiatura.
- Sistemas musicais antigos.
- Escalas modais modernas.
- Escalas: continuación do seu estudo. Escalas diatónicas, escalas cromáticas, pentatónicas, de tons enteiros.
- Ornamentación: Apoiaturas breves. Apoiatura dobre. Grupetos. Mordente apoiado. Trino corto (semitrino). Acciaccatura. Acorde arpexiado.
- Ritmos característicos: manifestacións folclóricas: aire de zortziko, de muiñeira, petenera.
- A voz humana: tesitura das voces. Índices acústicos.

### **9.5.3. Criterios de avaliación**

- Manter o pulso percutindo ou interiorizando durante períodos de silencio intercalados nunca audición ou durante o seguimento dunha partitura. Trátase de avaliar a interiorización do pulso que permita unha execución correcta individual ou en conxunto.
- Recoñecer ou executar vocalmente, xunto coa lectura das notas ou mediante a



percusión, fragmentos rítmicos con suxeición ás indicacións metronómicas e ás equivalencias indicadas, nun tempo establecido. Trátase de avaliala capacidade de encadear as fórmulas rítmicas estudadas, a aplicación correcta de calquera equivalencia nos cambios de compás e a interiorización aproximada das velocidades metronómicas.

- Entoar repentizando e aplicando indicacións expresivas, unha melodía ou canción modal, tonal, ou postonal, sen ou con acompañamento que non inclúa a melodía. O obxecto é comprobar a capacidade do/a alumno/a para aplicar as técnicas de entoación e a xusteza de afinación, así como a consciencia das características tonais, modais ou postonais.
- Ler internamente nun tempo breve e sen verificar a entoación, un fragmento e reproducilo de memoria. Trátase de comprobar a capacidade de reproducir e memorizar imaxes sonoras a partires da partitura.
- Identificar auditivamente e entoar os intervalos melódicos (citados nos contidos) en series de dez intervalos atendendo ó número e á especie. Trátase de comproba-lo dominio da intervállica para a súa aplicación a estruturas tonais ou atonais.
- Identificar intervalos harmónicos (citados nos contidos) e escribilos no seu rexistro correcto, en series de dez intervalos, ca mesma nota no baixo ou con notas diferentes. Trátase de comproba-la capacidade de percepción simultánea de dous sons en diferentes relacións intervállicas e a identificación de diferentes rexistros sonoros.
- Reproducir entoando modelos melódicos, escalísticos ou acordais en diferentes alturas con catro alteracións como máximo na armadura e con alteracións accidentais. Trátase de comprobar a destreza na transposición e a consciencia da utilización das alteracións necesarias.
- Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical de dezaseis compases. Comprobaremos tanto a capacidade de iniciativa na creación improvisada, como o recoñecemento rápido dos aspectos rítmicos do fragmento escoitado.
- Improvisar melodías tonais de oito compases nas tonalidades traballadas, que inclúan alteracións accidentais que impliquen ou non modulacións ós tonos homónimos, da dominante e da subdominante. Preténdese comprobala comprensión dos conceptos tonais básicos e da lóxica estrutural.
- Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados a unha voz coas características melódicas sinaladas no apartado correspondente. Trátase de avaliala capacidade de relacionalo feito musical coa representación gráfica.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados a dúas voces, con baixos que conteñan preferentemente acordes tonais, e con melodías baseadas nestes acordes nas que se intercalen notas de paso e de floreo e alteracións accidentais que non impliquen modulacións. Trátase de avaliala percepción de aspectos polifónicos.



- Recoñecer i escribir fragmentos musicais interpretados por instrumentos diferentes ó piano. Preténdese comprobar a correcta apreciación de diferentes timbres instrumentais.
- Recoñecer auditivamente aspectos formais, cadenciais, modos de ataque, articulacións, matices, ornamentos, timbres, situando coa maior aproximación posible o estilo e a época das obras ou fragmentos escoitados. Trátase de comprobalo grao de sensibilización auditiva dos aspectos sintácticos, expresivos, interpretativos e estilísticos, fomentando a curiosidade e a atención do alumnado ó escoitar música.
- Aplicar baixos harmónicos (vocalmente, instrumentalmente ou por escrito) a unha melodía dada, empregando os acordes de I, IV e V (tamén con sétima). Preténdese busca a asociación melodía- harmonía, imaxinando esta a partires da melodía.
- Improvisar vocal, instrumentalmente ou por escrito sobre un esquema harmónico dado que conteña os acordes citados no apartado anterior, e utilizando notas de paso e de floreo. Trátase de busca a asociación melodía-harmonía, imaxinando unha a partires da outra.
- Entoar fragmentos memorizados de obras do propio repertorio instrumental dos/as alumnos/as. Trátase de potencia a memorización e o coñecemento de obras de repertorio.
- Entoar fragmentos a dúas, tres ou catro voces. Trátase de avaliala correcta afinación, fraseo, emisión, empaste, respiración e posición corporal, así como o grao de implicación e responsabilidade co grupo.
- Analizar unha obra do propio repertorio instrumental atendendo a todos os elementos traballados no curso. Inténtase potencia los hábitos de estudo intelixente e riguroso facéndose consciente das circunstancias técnicas e de estilo de cada obra.
- Presentar os traballos encomendados polo profesor/a nos prazos establecidos cunha correcta presentación e caligrafía.

Tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- a) Lectura rítmica: un 40% da nota final
- b) Teoría: un 30% da nota final
- c) Entonación: un 20% da nota final
- d) Dictado: un 10% da nota final

#### **9.5.3.1. Mínimos esixibles**

- Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección nos compases que se indican a continuación. Avaliarase:
  - O sostemento do pulso.
  - A correcta marcación dos compases (5/8, 7/8, 8/8, 5/4, 2/2, 3/2, 4/2)



- A precisión rítmica, cambios de compás que impliquen cambio de pulso
- Subdivisión binaria: fusa, cinquillo, setillo, tresillo irregular, tresillo en 2, dosillo en 3
- Subdivisión ternaria: silencio de semicorchea, dosillo irregular
- A soltura e velocidade na lectura de notas:
  - Clave de sol cos contidos rítmicos de 4º de grao elemental.
  - Fa en 4ª cos contidos rítmicos de 3º de grao elemental
- Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpejo de tónica das tonalidades ata catro alteracións.
- Entoar os acordes de tónica, dominante e subdominante enlazados nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.
- Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con acompañamento e a capella, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpejos de tónica, dominante e subdominante, floreos e notas de paso cromáticas, dobres floreos, apoiaturas, dominante da dominante, modulacións ó homónimo e relativo menor.
- Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: intervalos compostos, escalas modais, tipos de cadencias (auténtica, plagal, rota, semicadencia) , triada maior, menor, aumentada e diminuída, sétima de dominante con inversións e os seus cifrados, alteracións dobres, enharmonías, compases dispares e de amalgama, relación entre as claves.
- Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos a unha e dúas voces (o baixo coas fundamentais de tónica, dominante e subdominante).

#### **9.5.4. Recursos didácticos**

O libro de texto a empregar será "Lenguaje Musical Rítmico V ". José Iglesias González & Gabriel Robles Ojeda. Ediciones Si B.

O libro de Teoría será "Cuadernos de Teoría 1º curso grado profesional " Ibañez-Cursá. Editorial Real Musical

En canto a recursos dispoñibles online podemos destacar:

- [www.youtube.es](http://www.youtube.es)
- [www.teoria.com](http://www.teoria.com)
- [Symbaloo-dictados](http://Symbaloo-dictados)
- <http://dictadosmusicales.weebly.com/>



## 9.6. Curso: 2º de grao profesional

### 9.6.1. Obxectivos

- Entoar melodías tonais en calquera tonalidade, incluíndo os catro tipos de escalas, cos intervalos de 2ª, 3ª, 6ª e 7ª (Maior e Menor), e os de 4ª, 5ª e 8ª Xusta, Aumentada e Diminuída con posibles modulacións ós tons veciños.
- Entoar melodías baseadas nos modos medievais e nos da música popular, así coma nalgunhas escalas exóticas: pentatónicas, exátona, etc.
- Entoar intervalos de 2ª, 3ª, 6ª e 7ª Maiores e Menores e os de 4ª, 5ª e 8ª Xustos, Aumentados e Diminuídos, fora do contexto tonal, e aplicados a obras post-tonais e atonais.
- Entoar melodías tonais transportando a calquera tonalidade.
- Cantar a 2, 3 e 4 voces iguais ou mixtas con expresividade musical, correcta afinación, fraseo, emisión adecuada da voz, respiración e posición corporal axeitadas, experimentando a afectividade da música e compartíndoa co grupo.
- Ler con axilidade fragmentos escritos:
  - En clave de sol coas fórmulas rítmicas e compases traballados.
  - Ler horizontalmente fragmentos sinxelos en tódalas claves.
  - Ler horizontal e verticalmente fragmentos en clave de sol e de fa en 4ª.
  - Ler verticalmente fragmentos a 4 voces nas claves tradicionais.
- Interpretar correctamente os signos gráficos convencionais e coñecer os propios da linguaxe contemporánea.
- Obtela disociación motriz necesaria para entender e realizar as melodías e ritmos simultáneos que se traballan no curso.
- Recoñecer auditivamente i escribir fragmentos musicais similares ós do apartado A) utilizando diferentes instrumentos (os/as propios/as dos/as alumnos/as):
  - A unha voz.
  - A dúas voces con baixos nos que figuren os acordes da escala.
  - Intervalos citados no punto terceiro.
  - Estructuras harmónicas.
- Coñecer os elementos característicos dos estilos musicais dos séculos XIX e XX para poder situar as obras musicais dentro do seu tempo e interpretalas correctamente.
- Experimentar creando melodías, ritmos, cancións, etc.





## 9.6.2. Contidos

### Rítmicos:

- Repaso de todos os compases traballados nos cursos anteriores.
- Mixtos de 5/8, 7/8, 8/8, 9/8, 10/8, 11/8 e 12/8 en estruturas regulares e irregulares, tamén con métrica indicada, incluíndo figuras ata a semicorchea e o seu silencio.
- Compases irregulares ou ritmos aksak (acento irregular dentro do compás), coxos (quebrados: valor engadido e de diminución)
- Estruturas rítmicas atípicas en compases convencionais. Grafías non convencionais.
- Todas as combinacións posibles de figuras e silencios (semicorcheas, fusas e semifusas) e estas cos grupos de valoración especial.
- Rítmicas características de diferentes formas populares ou tradicionais.
- Equivalencias:
  - Tres a catro figuras iguais, exemplo: 2/2 a 6/8, 3/16 a 3/4, 3/8 a 2/2.
  - Alternancia de compases pulso = pulso e figura = figura entre os compases traballados.
  - Combinatoria que supoña pulsacións diferentes en proporción de dobre/metade, exemplo: 4/2 a 2/4, 3/8 a 9/4, 3/8 a 3/16.
  - Polirritmias e Polimetrías: cambios sistemáticos de compás.
- Obstínatos rítmicos. Deseño rítmico indicado por barrado e/ou ligaduras.
- Valoración especial: setillo en dous tempos regular. Lecto-escritura:
- Lectura rítmica na clave de sol con todos os elementos descritos no apartado de ritmo.
- Lectura interválica horizontal nas sete claves.
- Lectura interválica relativa de notas sen clave.
- Lectura e escritura horizontal e vertical nas claves de sol e fa en cuarta en un e dous pentagramas.
- Lectura vertical a catro voces nas claves tradicionais.
- Iniciación ás grafías contemporáneas.
- Práctica de lectura a primeira vista.

### Psicomotricidade:

- Desenvolver actividades, exercicios e fragmentos musicais exclusivamente percusivos para continuar co traballo iniciado nos cursos anteriores.



- Traballar coas propias mans, utilizando diversa percusión corporal, ou instrumentos de pequena percusión, diversas combinacións rítmicas: polirritmias, grupos de valoración especial combinados (tresillo e dosillo, cinquillo e dosillo, setillo e dosillo e cuatrillo e tresillo), ritmos combinando as dúas mans, etc.
- Combinar exercicios de percusión manual con pequenas melodías cantadas ou fragmentos lidos.

## **Melódico-Harmónicos**

### Tonalidade

- Flexións e modulacións ás cinco tonalidades veciñas.
- Entoación de estruturas tonais enriquecidas por flexións ou modulacións realizadas de xeito consciente.
- Práctica da entoación a primeira vista.

### Interválica

- Intervalos melódicos e harmónicos de segunda, terceira, sexta e sétima maiores e menores, de cuarta, quinta e oitava xustas e de cuarta e quinta aumentados e diminuídos, dentro dun contexto melódico.
- Interválica pura cos intervalos citados.

### Transporte

- De melodías tonais con calquera armadura, incluíndo alteracións accidentais.

### Acordes

- Tríadas maior, menor, aumentada e disminuída.
- Inversión dos acordes tríadas.
- Funcións tonais:
  - Cuatríada de sétima de dominante.
  - As dominantes secundarias.
  - Aplicación de baixos harmónicos a melodías propostas.

### Técnica Vocal

- Continuación do traballo iniciado no Grao Elemental e no 1ª curso do Grao Profesional de coñecemento da voz, e dos diferentes rexistros: clasificación, exercicios de relaxación, respiración, e vocalización.
- Cantar cancións adecuadas ó nivel a 2, 3 e 4 voces iguais ou mixtas dependendo da idade media do grupo de alumnos/as.

### Auditivos

- Práctica de identificación de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, caden-



ciais, formais, etc. en obras ou fragmentos escoitados.

- Práctica da memorización de fragmentos rítmicos, melódicos e melódico-rítmicos.
- Realización escrita e cantada de ditados a unha e dúas voces utilizando diferentes instrumentos.
- Identificación de acordes e estruturas harmónicas.
- Realización escrita de ditados a unha e dúas voces polifónicas utilizando todos os graos da tonalidade

### **Teóricos**

- Os compases. ritmo e métrica: Cadro de compases regulares simples e compostos. Compases: mixtos.
- Cadencias: Repaso do curso anterior.
- Transporte ou transposición: escrito, mental (cambio de clave), as diferenzas, clase e número, o transporte mediante o círculo de quintas, instrumentos transpositores.
- A forma musical, sintaxe musical: melodía (motivo, semifrase, frase, período, deseño, tema, progresión). Xéneros musicais: formas vocais e instrumentais.
- Nocións de acústica.
- A harmonía: formación de acordes de 3 e 4 sons. Repaso de conceptos: estado, disposición, natureza. Inversións dos acordes. Cifrados máis usuais. Formación de cadencias. Estrutura do acorde de tríada e de sétima: estado fundamental e inversións. Escritura harmónica a catro voces, posición aberta e pechada dos acordes.
- Normas de escritura: Coñecemento e práctica das normas da escritura melódica e harmónica.
- Repaso das escalas traballadas en cursos anteriores.

### **9.6.3. Criterios de avaliación**

- Recoñecer ou executar vocalmente, xunto ca lectura das notas ou mediante a percusión, fragmentos rítmicos, de aproximadamente dezaseis compases con suxeición ás indicacións metronómicas e ás equivalencias indicadas. Trátase de avaliara capacidade de encadear as fórmulas rítmicas estudadas, a aplicación correcta de calquera equivalencia nos cambios de compás e a interiorización aproximada de diversas indicacións metronómicas.
- Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, de aproximadamente oito compases, que inclúa os intervalos, tipos de escala, alteracións accidentais e as modulacións citadas nos contidos correspondentes ó curso, aplicando indicacións expresivas. O obxecto é avaliara grao de afinación e consciencia das características tonais, modais, etc. do fragmento. O acompañamento non debe reproducila melodía.



- Identificar auditivamente (número i especie) i entoar intervalos melódicos de 2<sup>a</sup>, 3<sup>a</sup>, 6<sup>a</sup> e 7<sup>a</sup> maiores e menores; 4<sup>a</sup>, 5<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> xustas; en series de intervalos ou nunha sucesión melódica. Trátase de comprobalo dominio da intervállica para a súa aplicación a estruturas tonais ou atonais.
- Ler internamente nun tempo breve e sen verificala entoación fragmentos melódicos tonais de oito compases. Trátase de comprobala capacidade de reproducir e memorizar imaxes sonoras a partires da partitura.
- Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto, en series de oito intervalos ca mesma nota no baixo ou con notas diferentes. Trátase de comprobala capacidade de percepción simultánea de dous sons en diferentes relacións intervállicas e a identificación das rexións sonoras.
- Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical de dezaseis compases. Valorarásese a capacidade de iniciativa e o recoñecemento rápido dos aspectos rítmicos do fragmento escoitado.
- Reproducir modelos melódicos, de aproximadamente oito compases, en diferentes alturas, con catro alteracións como máximo na armadura e con alteracións accidentais; series de catro acordes ou escalas, nomeando as notas. Trátase de comprobala destreza na transposición e da consciencia na utilización das alteracións necesarias.
- Improvisar vocal ou instrumentalmente melodías tonais de oito compases nas tonalidades traballadas, que inclúan alteracións accidentais que non provoquen modulacións agas ó relativo ou homónimo. Preténdese comprobalo entendemento dos conceptos tonais básicos e maila lóxica tonal e estrutural.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados, de oito compases aproximadamente, e a unha soa voz, cas características melódicas sinaladas no apartado de entoación. Trátase de avaliala capacidade de relacionalo feito musical ca súa representación gráfica.
- Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados a dúas voces, con baixos que conteñan tanto as notas básicas dos acordes tonais como notas de paso e con melodías baseadas nestes acordes nas que se intercalen notas de paso, bordaduras e outras notas de adorno e alteracións accidentais que non impliquen modulacións, agás ós tons homónimos ou relativos. Trátase de avaliala percepción de aspectos polifónicos.
- Recoñecer auditivamente aspectos formáis, cadenciais, modos de ataque, articulacións, matices, ornamentos, timbre dos diferentes instrumentos e situar coa maior aproximación posible o estilo e maila época das obras ou fragmentos escoitados. Trátase de comprobalo grao de sensibilización auditiva ós aspectos sintácticos, expresivos, interpretativos i estilísticos, para tamén fomentala curiosidade e atención do alumnado ó escoitar música.
- Aplicar baixos harmónicos (vocal, instrumental ou por escrito) a unha melodía dada, empregando os acordes de I, IV e V (con sétima) nos que figuren exclusivamente



te as notas constitutivas destes acordes. Preténdese buscala asociación melodía-harmonía, imaxinando esta a partires da melodía.

- Improvisar vocal, instrumentalmente ou por escrito sobre un esquema harmónico dado que conteña os acordes citados no apartado anterior, e utilizando notas de paso e bordaduras. Trátase de buscala asociación melodía-harmonía, imaxinando unha a partires da outra.
- Entoar fragmentos memorizados de obras do propio repertorio instrumental da alumna ou alumno, seleccionados por eles mesmos. Trátase de potencia-la memorización e o coñecemento de obras de repertorio.
- Analizar unha obra do propio repertorio instrumental da alumna ou alumno atendo a todos os elementos posibles traballados no curso. Téntase potencia-los hábitos de estudo intelixente e rigoroso facéndose consciente das circunstancias técnicas e de estilo de cada obra.
- Investigar sobre as cuestións teórico-histórico-musicais relacionadas cos coñe-mentos teóricos e da historia da música traballados durante o curso. Trátase de conseguir que as alumnas e alumnos adquiren independencia para descubrir todos aqueles coñecementos para os que non teñen resposta, aprendendo a buscar, in-vestigar, descubrir e informarse sobre os temas concretos; se trata de fomentar a curiosidade e os hábitos de investigación.
- Presentar os traballos encomendados polo/a profesor/a nos prazos establecidos cunha correcta presentación e caligrafía.

Tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- e) Lectura rítmica: un 40% da nota final
- f) Teoría: un 30% da nota final
- g) Entonación: un 20% da nota final
- h) Dictado: un 10% da nota final

#### **9.6.3.1. Mínimos esixibles**

- Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección nos com-pases que se indican a continuación. Avaliarase:
  - O sostemento do pulso.
  - A correcta marcación dos compases (5/8, 7/8, 8/8, 5/4, 3/16)
  - A precisión rítmica, cambios de compás que impliquen cambio de pulso, lectura sen compasear.
- Catrillo irregular, cinquillo regular en dous tempos, tresillo en 4, catrillo en 3.
- A soltura e velocidade na lectura de notas:
  - Clave de sol cos contidos rítmicos de 1º de grao profesional.



- Fa en 4ª cos contidos rítmicos de 4º de grao elemental
- Outras claves cos contidos rítmicos de 2º de grao elemental.
- Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpexo de tónica das tonalidades ata cinco alteracións.
- Entoar os acordes de tónica, dominante e subdominante enlazados nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.
- Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con acompañamento e a capella, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpexos de tónica, dominante e subdominante, floreos e notas de paso cromáticas, dobres floreos, apoiaturas, dominante da dominante, modulacións á dominante e subdominante.
- Entoar a primeira vista exercicios de interválica pura con intervalos xustos, maiores e menores.
- Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: intervalos compostos, escalas (modais, pentáfona, de tons enteiros, cromática), tipos de cadenzas (auténtica, plagal, rota, semicadenza, picarda, frigia), triada maior, menor, aumentada e diminuída, sétima de dominante con inversións e os seus cifrados, alteracións dobres, enharmonías, compases de fracción engadida ou sustraída.
- Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos a unha e dúas voces (o baixo con movementos melódicos correlativos e saltos ás fundamentais dos acordes de tónica, dominante e subdominante).

#### **9.6.4. Recursos didácticos**

O libro de texto a empregar será "Lenguaje Musical Rítmico VI ". José Iglesias González & Gabriel Robles Ojeda. Ediciones Si B.

O libro de Teoría será "Cuadernos de Teoría 2º curso grado profesional " Ibañez-Cursá. Editorial Real Musical

En canto a recursos dispoñibles online podemos destacar:

- [www.youtube.es](http://www.youtube.es)
- [www.teoria.com](http://www.teoria.com)
- [Symbaloo-dictados](#)



## 10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento desta materia para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.



## **11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.





## 12.ANEXOS

### 12.1.Probas de acceso 1º de grao profesional

#### 12.1.1.Normativa Xeral

*(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro. DOG do 31 de outubro de 2007):  
Artigo 11º.- Acceso ó primeiro curso de Grao Profesional.*

Para acceder ó primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ó primeiro curso, que se axustará o disposto nos puntos seguintes.

Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:

- Interpretación, no instrumento da especialidade que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70% e o segundo nun 30%.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

*(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música):*

**Capítulo II. Artigo 5º.** (...)O número máximo de probas de acceso a grao profesional que poderá realizar cada aspirante é de catro: dúas convocatorias ó primeiro curso e outras dúas convocatorias a calquera outro curso que non sexa o primeiro. Para estes efectos, non se computarán as probas nas que se obtivera a puntuación mínima establecida para o acceso.

**Capítulo III. Artigo 9º.** Os/As aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/a aspirante á praza.



**Capítulo III. Artigo 10º.** Os/As aspirantes serán convocados para a proba nun único chamamento, e excluírase del quen non compareza. Non obstante poderanse considerar os casos de forma maior, debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

### **12.1.2.Exame**

Os contidos específicos desta proba serán os correspondentes ao cuarto curso do grao elemental recollidos nesta programación.

Esta proba divídese en catro apartados, sendo preciso unha cualificación mínima de cinco puntos da media ponderada das mesmas:

- Unha proba de lectura rítmica articulada dunha duración mínima de 16 compases.
- Unha proba de entoación.
- Unha proba auditiva, que consistirá na escritura ao ditado dunha melodía a unha voz.
- Unha proba escrita na que se avalíen os coñecementos teóricos. (propios dos contidos plantexados segundo o currículo oficial na especialidade de linguaxe musical no grao elemental)

#### **Contidos rítmicos**

- Percepción, identificación e interiorización do pulso.
- Recoñecemento de unidades métricas binarias, ternarias e cuaternarias
- Percepción e identificación do acento nos compases traballados en cursos anteriores. Iniciación ós compases de partes desiguais: 5/8.
- Práctica e interiorización do silencio. Práctica de varios compases de silencio seguidos
- Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas básicas orixinadas polo pulso binario:
  - Compases de unidade negra: silencio de semicorchea nas distintas posicións, fusa, silencio de corchea con puntillo- semicorchea, dobre tresillo, corchea-tresillo de semicorcheas e viceversa
  - Compases de unidade branca: silencio de negra-dúas corcheas, dúas corcheas-branca-dúas corcheas, silencio de corchea-tres corcheas, branca ligada a catro corcheas, anacruse de negra, seisillo.
  - Compases de unidade negra con puntillo: tres corcheas ligadas a tres corcheas, negra-dúas semicorcheas e viceversa, silencio de corchea-corcheas-dúas semicorcheas nas diferentes combinacións posibles, silencio de corchea-catro



semicorcheas, iniciación o tresillo de negras en dúas partes mediante ligaduras ;

- Coñecemento, identificación e práctica dos grupos rítmicos ternarios contidos nun pulso binario:
  - Unidade negra: tresillo irregular de corcheas, tresillo irregular que inclúa silencios de corchea, tresillo de semicorcheas, dobre tresillo, seisillo.
  - Unidade branca: dobre tresillo, seisillo
- Coñecemento, identificación e práctica dos grupos rítmicos binarios contidos nun pulso ternario: dobretes irregulares
- Coñecemento, identificación e práctica dos signos que modifican a duración: dobre punto e ligaduras, adecuados ao nivel de cuarto curso
- Improvisación e creación rítmica con e sen proposta previa.
- Práctica de lectura a 1º vista.
- Ritmo e lectura sobre ritmos tradicionais españois: seguidilla, xota aragonesa, muiñeira, petenera, zortzico, bolero, etc.
- Coñecemento, identificación e práctica das equivalencias que impliquen pulso=pulso e fracción=fracción entre todos os compases traballados no curso
- Aplicación e práctica de textos a ritmos adecuados ó nivel de cuarto.
- Práctica de lectura de notas verticalmente en clave de fa en cuarta e clave de sol en segunda.
- Emprego das claves necesarias para a práctica instrumental do alumnado.
- Práctica da lectura interválica.
- Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agónica e da dinámica na música
- Identificación e interpretación de todos os signos que afectan ó tempo e á agónica, ademais dos fundamentais que ateen ó carácter: articulacións (ligaduras expresivas, acentos, etc.), articulacións que desprazan a acentuación.
- Traballo de memorización rítmica e melódica con fragmentos que irán aumentando de complexidade e lonxitude para acostumar aos/ás alumnos/as paulatinamente e dentro do nivel de contidos do curso.

#### **Psicomotricidade:**

- Ritmo percutido a dúas e tres voces, ostinato rítmico, lectura acompañada de percusión, exercicio rítmico-prosódico a varias voces.

#### **Contidos melódicos:**

- Coñecemento da voz e o seu funcionamento: respiración, afinación e sensibilización na práctica da emisión.



- Interpretación vocal de obras didácticas adecuadas ao nivel con acompañamento pianístico e a capella.
- Músicas tradicionais españolas e de outras culturas ou épocas
- Entoación a varias voces con ou sen letra, ou combinando o canto e a percusión
- Reprodución memorizada vocal ou escrita de fragmentos melódicos ou cancións.
- Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación de escalas diatónicas maiores e menores ata 4 alteracións.
- Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos tonais de ata catro alteracións na armadura, tanto en modo maior como en modo menor.
- Sensibilización, identificación e interpretación de alteracións accidentais producidas polos diferentes tipos de escalas traballados ou polas notas estrañas ós acordes.
- Sensibilización, identificación e interpretación de modulacións. Cambios de modo.
- Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos interválicos dentro do ámbito da oitava, maiores, menores e xustos (todos incluídos desde os de 2ª ós de 8ª).
- Reprodución vocal de acordes maiores e menores, tanto de tónica como de dominante e subdominante, nas tonalidades de ata catro alteracións na armadura.
- Sensibilización, identificación, coñecemento e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión: ligaduras expresivas, articulacións, dinámicas, etc. analizando a forma e outros elementos interpretativos: signos de repetición e Coda.
- Improvisación vocal con ou sen proposta previa en base aos acordes de tónica, 7ª de dominante e subdominante das tonalidades de ata catro alteracións na armadura, incluíndo notas estrañas ós acordes indicados: notas de paso, floreos e apoiauras, empregando diferentes articulacións e matices expresivos.
- Traballo dos elementos necesarios para a entonación a 1ª vista: escalas, arpexos, exercicios de entoación ou cancións.

#### **Contidos auditivos:**

- Sensibilización do feito tonal e modal.
- Audición e reprodución escrita de movementos melódicos e rítmicos contidos dentro dos apartados anteriores, a unha voz.
- Recoñecemento auditivo de compases simples e compostos.
- Recoñecemento auditivo de tonalidades (maior e menor).
- Recoñecemento auditivo de arpexos e acordes de tónica, dominante e subdominante dentro das tonalidades traballadas durante o curso.



- Introducción ás cadencias: perfecta, semicadencia e plagal.

### **Contidos teóricos e analíticos:**

- A subdivisión binaria e ternaria. Compases a un tempo. Compases de partes desiguais: 5/8 e 7/8
- Dobre e triplo punto
- Equivalencias: pulso=pulso e figura=figura (tempos desiguais)
- Abreviacións: repetición dunha nota, de dúas notas de valor igual, de fragmentos, de notas e acordes, compases en silencio, outras abreviacións, glissando, portamento
- Grupos de valoración especial: (por exceso e por defecto): dobrete, tresillo, catrillo, seisillo (dobre tresillo), cinquillo, setillo
- Escala maior: tipos.
- Escala menor: tipos.
- Ampliación da tonalidade: a modulación.
- Grados tonais, grados modais. As notas estrañas: notas de paso, floreos e apoiaturas.
- Acordes tríadas: repaso, os catro tipos, inversión dos acordes, diferenza entre nota fundamental e nota do baixo. Duplicacións.
- Acorde de 7<sup>a</sup> de dominante: constitución e inversións
- Repaso de tonalidades ata sete alteracións con sostidos e bemoles. Tonalidades veciñas e relativas.
- Normas para atopala tonalidade dunha obra musical.
- Alteracións dobres e enharmonías (notas, intervalos e tonalidades).
- Ampliación do tema das cadencias: conclusivas (auténtica perfecta, imperfecta, plagal) e suspensivas (semicadencia e rota).
- Repaso de intervalos: maiores, menores, aumentados e diminuídos. A inversión de intervalos.
- Repaso: signos de expresión: dinámica, tempo e agónica, carácter, ligaduras, etc.
- A forma musical: A frase (tipos: primaria, binaria, ternaria, cuaternaria). formas sinxelas binarias, e ternarias.
- Análise visual de melodías e pequenas pezas sinxelas seguindo todos parámetros traballados neste apartado de coñecementos teóricos e analíticos.



### 12.1.3. Criterios de avaliación

**Lectura rítmica**, valoraranse os seguintes aspectos partindo dun exercicio elixido polo tribunal para o caso:

- A capacidade de manter o pulso na velocidade exposta respectando os valores das notas e silencios nun fragmento elixido polo tribunal.
- O encadeamento das distintas fórmulas rítmicas así como tamén o encadeamento de motivos e direccionalidade do ritmo musical.
- As posibles equivalencias que se presenten tanto no tocante ao pulso como ao compás.

**Entonación**, na que se valorará os seguintes aspectos:

- A capacidade de entoar e afinar un fragmento elixido polo tribunal tendo en conta todos aqueles elementos da linguaxe musical, así coma, pulso, matices, reguladores, ligaduras de expresión e unión, carácter, etc.
- Entonación de intervalos tanto ascendentes como descendentes, maiores e menores, aumentados e diminuídos, partido dunha nota calquera tocada nun piano por un membro do tribunal.

**Dictado**, no que se valorará os seguintes aspectos:

- Un membro do tribunal tocará un fragmento dunha soa voz (melodía) de entre 8 e 10 compases, servíndose dun metrónomo e tomando como referencia o la-440 ou la4; o/a aspirante debe ter a capacidade de, nun só exercicio, percibir, recoñecer e escribir no papel pautado, a tonalidade, o compás, o ritmo, as notas e os silencios correspondentes.

### Teoría

- Basearase nunha única proba cun mínimo de 10 preguntas e un máximo de 20, na que se terá en conta os contidos expostos anteriormente referentes ao material tratado segundo o currículo oficial nos niveis de grao elemental no apartado de teoría.

### Cualificacións do exercicio de coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical

Cada apartado da proba será cualificado entre 0 e 10 puntos, sendo preciso unha cualificación mínima de cinco puntos da media ponderada de todos os apartados. A cualificación da proba, que suporá un 30% da nota final, realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Lectura rítmica: un 40% da nota final
- Teoría: un 30% da nota final
- Entonación: un 15% da nota final
- Dictado: un 15% da nota final



## **12.2. Probas de acceso a outros cursos do grao elemental (2º, 3º e 4º cursos)**

### **12.2.1. Normativa Xeral**

*(Extracto do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música)*

Artigo 8º.- Acceso a outros cursos

a) Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superado os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba.

En calquera caso, o acceso a outro curso do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes na especialidade solicitada.

b) Estas probas avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.

c) En todo caso, para o acceso aos cursos do grao elemental a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

*(Extracto da circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música)*

5. En todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

a) Interpretación, no instrumento da especialidade á que se opte, de dúas

obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.

b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

8. No desenvolvemento das probas, o exercicio de interpretación instrumental farase en primeiro lugar. Cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

a) Interpretación instrumental: 60 %.

b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%.

11. Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, os/as aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

12. Os/As aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.



### 12.2.2.Exame

Os contidos específicos desta proba serán os correspondentes ao curso anterior do grao elemental ao que se desexe acceder e recollidos nesta programación.

Esta proba divídese en catro apartados, sendo preciso unha cualificación mínima de cinco puntos da media ponderada das mesmas:

- Unha proba de lectura rítmica articulada dunha duración mínima de 16 compases.
- Unha proba de entoación.
- Unha proba auditiva, que consistirá na escritura ao ditado dunha melodía a unha voz.
- Unha proba escrita na que se avalíen os coñecementos teóricos. (proprios dos contidos plantexados segundo o currículo oficial na especialidade de linguaxe musical no grao elemental)

### 12.2.3.Criterios de avaliación

**Lectura rítmica**, valoraranse os seguintes aspectos partindo dun exercicio elixido polo tribunal para o caso:

- A capacidade de manter o pulso na velocidade exposta respectando os valores das notas e silencios nun fragmento elixido polo tribunal.
- O encadeamento das distintas fórmulas rítmicas así como tamén o encadeamento de motivos e direccionalidade do ritmo musical.
- As posibles equivalencias que se presenten tanto no tocante ao pulso como ao compás.

**Entonación**, na que se valorará os seguintes aspectos:

- A capacidade de entoar e afinar un fragmento elixido polo tribunal tendo en conta todos aqueles elementos da linguaxe musical, así coma, pulso, matices, reguladores, ligaduras de expresión e unión, carácter, etc.
- Entonación de intervalos tanto ascendentes como descendentes, maiores e menores, aumentados e diminuídos, partido dunha nota calquera tocada nun piano por un membro do tribunal.

**Dictado**, no que se valorará os seguintes aspectos:

- Un membro do tribunal tocará un fragmento dunha soa voz (melodía) de entre 8 e 10 compases, servíndose dun metrónomo e tomando como referencia o **la-440** ou **la4**; o/a aspirante debe ter a capacidade de, nun só exercicio, percibir, recoñecer e escribir no papel pautado, a tonalidade, o compás, o ritmo, as notas e os silencios correspondentes.





## Teoría

- Basearase nunha única proba cun mínimo de 10 preguntas e un máximo de 20, na que se terá en conta os contidos expostos anteriormente referentes ao material tratado segundo o currículo oficial nos niveis de grao elemental no apartado de teoría.

## Cualificacións do exercicio de coñecementos teórico-prácticos da Linguaxe Musical

Cada apartado da proba será cualificado entre 0 e 10 puntos, sendo preciso unha cualificación mínima de cinco puntos da media ponderada de todos os apartados. A cualificación da proba, que suporá un 30% da nota final, realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- a) Lectura rítmica: un 40% da nota final
- b) Teoría: un 30% da nota final
- c) Entonación: un 15% da nota final
- d) Dictado: un 15% da nota final

### 12.2.4. Proba de Aptitude ao 1º curso do Grao Elemental

*Decreto 198/2007*

*Artigo 7º.-Requisitos e proba de acceso.*

*1. Para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*2. O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.*

*3. A proba para avaliar as aptitudes musicais incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:*

- a) Exercicio para avaliar a aptitude rítmica.*
- b) Exercicio para avaliar a aptitude auditiva e vocal.*
- c) Exercicio para avaliar a aptitude psicomotriz.*

*4. A realización destes exercicios efectuarase de xeito que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente.*



### **12.2.4.1 Contidos**

#### **1.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes rítmicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 3 ritmos que o profesorado realizará coas palmas e que despois o/a aspirante deberá repetir.

#### **2.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivo-rítmicas do/a aspirante.

O exercicio consiste na escoita de 2 pares de secuencias rítmicas que o/a profesor/a reproducirá e nas que o/a aspirante deberá distinguir se son iguais ou diferentes.

#### **3.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivos do/a aspirante.

O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias a diferenza de altura entre dous sons que o/a profesor/a reproducirá (baixos – agudos)

#### **4.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivos do/a aspirante.

O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias a diferenza de duración entre dous sons que o/a profesor/a reproducirá (corto - largo)

#### **5.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivos do/a aspirante.

O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias a diferenza de intensidade entre dous sons que o/a profesor/a reproducirá (forte - suave)

#### **6.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes auditivas do/a aspirante.

O exercicio consiste en distinguir en 2 pares de secuencias o movemento de varios intervalos que o/a profesor/a reproducirá (ascendente - descendente)

#### **7.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes vocais do/a aspirante.

O exercicio consiste en cantar unha canción libremente elixida polo/a aspirante.

#### **8.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste en imitar en espello os movementos que realice o/a profesor/a.



### **9.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste en reproducir coas palmas diferentes ritmos que realice o/a profesor/a (xeonllos e palmas).

### **10.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste en camiñar mantendo o tempo da música que reproducirá o/a profesor/a.

### **11.º exercicio:**

Este exercicio ten como obxectivo avaliar as aptitudes psicomotrices do/a aspirante.

O exercicio consiste en pulsar as teclas do piano seguindo as indicacións que reciba do profesor.

#### **12.2.4.2. Criterios de avaliación da proba de aptitude**

Os tres aspectos a avaliar: exercicios para avaliar a aptitude rítmica, exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal e exercicios para avaliar a aptitude psicomotriz, puntuaranse cada un deles de 1 a 10 e efectuarase a media aritmética dos tres apartados.

As puntuacións totais obtidas polo alumnado nas probas de acceso axustarase á cualificación numérica de 1 ata 10, ata un máximo dun decimal. Cumprirá obter, como mínimo, a cualificación de cinco puntos para superar a proba.

Para obter a cualificación final, sumaráselle á media aritmética da puntuación obtida no conxunto da proba, unha cifra en función da idade de cada aspirante, de maneira que se aplique un índice corrector que se especifica a continuación:

Aspirantes de 8 anos de idade: Puntuación da proba + 1,5 puntos.

Aspirantes de 9 anos de idade: Puntuación da proba + 1 puntos.

Aspirantes de 10 anos de idade: Puntuación da proba + 0,5 puntos.

Aspirantes de 11 anos de idade: Puntuación da proba + 0 puntos.

Aspirantes de 12 anos de idade: Puntuación da proba + 0 puntos.

Aspirantes de 13 anos de idade: Puntuación da proba + 0 puntos.

Aspirantes de 14 anos de idade: Puntuación da proba + 0 puntos.



## **12.3. Probas de acceso a outros cursos do grao profesional (2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos)**

### **12.3.1. Normativa Xeral**

*(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)*

Artigo 12º.- Acceso a outros cursos

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

Esta proba constará de dous exercicios:

1. Interpretación, no instrumento, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte, e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá una cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

2. Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá una cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

*(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)*

### **Capítulo III. PROBAS DE ACCESO**

Artigo 9º.-

Os/As aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio

provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/a aspirante á praza.



### 12.3.2.Exame

Os contidos específicos desta proba serán os correspondentes ao curso anterior do grao elemental ao que se desexe acceder e recollidos nesta programación.

Esta proba divídese en catro apartados, sendo preciso unha cualificación mínima de cinco puntos da media ponderada das mesmas:

- Unha proba de lectura rítmica articulada dunha duración mínima de 16 compases.
- Unha proba de entoación.
- Unha proba auditiva, que consistirá na escritura ao ditado dunha melodía a unha voz.
- Unha proba escrita na que se avalíen os coñecementos teóricos. (proprios dos contidos plantexados segundo o currículo oficial na especialidade de linguaxe musical no grao elemental)

### 12.3.3.Criterios de avaliación

#### **Criterios de avaliación do exercicio de coñecementos teórico prácticos da linguaxe musical**

**Lectura rítmica**, valoraranse os seguintes aspectos partindo dun exercicio elixido polo tribunal para o caso:

- A capacidade de manter o pulso na velocidade exposta respectando os valores das notas e silencios nun fragmento elixido polo tribunal.
- O encadeamento das distintas fórmulas rítmicas así como tamén o encadeamento de motivos e direccionalidade do ritmo musical.
- As posibles equivalencias que se presenten tanto no tocante ao pulso como ao compás.

**Entonación**, na que se valorará os seguintes aspectos:

- A capacidade de entoar e afinar un fragmento elixido polo tribunal tendo en conta todos aqueles elementos da linguaxe musical, así coma, pulso, matiz, reguladores, ligaduras de expresión e unión, carácter, agónica, etc.
- Entonación de intervalos tanto ascendentes como descendentes, maiores e menores, aumentados e diminuídos, partido dunha nota calquera tocada nun piano por un membro do tribunal.

**Dictado**, no que se valorará os seguintes aspectos:

- Un membro do tribunal tocará un fragmento a dúas voces de entre 8 e 16 compases, servíndose dun metrónomo e tomando como referencia o **la-440** ou **la4**; o/a aspirante debe ter a capacidade de, nun só exercicio, percibir, recoñecer e escribir



no papel pautado, a tonalidade, o compás, o ritmo, as notas e os silencios correspondentes.

### **Teoría**

- Basearase nunha única proba cun mínimo de 10 preguntas e un máximo de 20, na que se terá en conta os contidos expostos anteriormente referentes ao material tratado segundo o currículo oficial nos niveis de grao elemental e primeiro curso do grao profesional no apartado de teoría.

### **Cualificacións do exercicio de coñecementos teórico-prácticos da Linguaxe Musical**

Cada apartado da proba será cualificado entre 0 e 10 puntos, sendo precisa unha cualificación mínima de cinco puntos para superar cada un dos apartados. A cualificación da proba, que suporá un 30% da nota final, realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- e) Lectura rítmica: un 40% da nota final
- f) Teoría: un 30% da nota final
- g) Entonación: un 20% da nota final
- h) Dictado: un 10% da nota final